

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 2 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

12869 *LEI 12/2007, do 2 de xullo, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, co fin de adaptala ao disposto na Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural. («BOE» 158, do 3-7-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A Directiva 98/30/CE, do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de xuño de 1998, relativa a normas comúns para o mercado interior do gas natural estableceu as bases para a creación do mercado interior do gas na Unión Europea. A experiencia adquirida con esta directiva permitiu identificar o acceso á rede, o acceso ao almacenamento, as cuestións de tarificación, a interoperabilidade de sistemas e os distintos graos de apertura dos mercados entre Estados membros como os principais obstáculos para a realización dun mercado interior plenamente operativo e competitivo.

Por iso, a Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de xuño de 2003, estableceu novas normas comúns para completar o mercado interior do gas natural, e derogou a Directiva 98/30/CE. Os principais aspectos que considera a citada Directiva Europea 2003/55/CE son as obrigas que os Estados lles poderán impoñer ás empresas que operan no sector do gas natural para protexer o interese económico xeral, as medidas de protección do consumidor que se poden referir á regularidade, á calidade e ao prezo das subministracións, á supervisión da seguranza de subministración, á obrigatoriedade do establecemento de normas técnicas, á designación e funcións dos xestores de redes de transporte, de distribución, e á posibilidade de explotación combinada de ambas as dúas redes, así como á organización do acceso ás redes.

A lei inclúe medidas para conseguir un mercado interior de gas natural plenamente liberalizado do cal se poida derivar unha maior competencia, redución de prezos, e mellora na calidade do servizo ao consumidor final. Para iso afóndase no correcto funcionamento do acceso ás redes garantindo a transparencia, obxectividade e non-discriminación. Precisamente para garantir a ausencia de discriminación, unha auténtica competencia e un funcionamento eficaz do mercado, no seu artigo 25, a directiva establece os aspectos que deberán supervisar, en cada Estado membro, as autoridades reguladoras.

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e as súas disposicións normativas de desenvolvemento, estableceron o réxime xurídico das actividades de transporte, distribución, almacenamento, regasificación e subministración dos suxeitos que interveñen no sistema

gasista, de acordo co disposto na Directiva 98/30/CE e definiron claramente as funcións e responsabilidades de todos os axentes que interveñen no sistema gasista.

Analizada a normativa que regula o sistema gasista español, tendo en conta o contido da mencionada Directiva 2003/55/CE hai que sinalar que a maior parte das disposicións establecidas nela se atopan xa incorporadas na lexislación española: Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e a súa normativa de desenvolvemento.

Malia o anterior, as obrigas de separación xurídica no mercado liberalizado das actividades de transporte, distribución, regasificación ou almacenamento por unha parte, das actividades de produción ou subministración de gas natural, por outra, e a obriga de separación funcional que impón a Directiva 2003/55/CE, exige a adecuación á devandita directiva do título IV da Lei 34/1998 sobre ordeñación da subministración de gases combustibles por canalización.

Por iso se modifica o capítulo II do devandito título da lei redefinindo as actividades dos diferentes suxeitos que actúan no sistema gasista, establecendo unha separación xurídica e funcional das denominadas «actividades de rede» das actividades de produción e subministración, e eliminando a posible competencia entre os distribuidores e os comercializadores no sector da subministración coa desaparición do sistema de tarifas e a creación dunha tarifa de último recurso á cal se poderán acoller aqueles consumidores que se consideren en función da situación e evolución do mercado.

Créase a Oficina de Cambios de Subministrador, o que garante que o dereito ao cambio do subministrador dos consumidores de gas se exerza baixo os principios de transparencia, obxectividade e independencia.

Para garantir o correcto funcionamento do novo modelo adáptase o contido do capítulo III relativo á xestión técnica do sistema, reforzando a independencia do Xestor técnico do sistema, e do capítulo IV relativo ás actividades de regasificación, transporte e almacenamento de gas natural, exixindo a separación xurídica e funcional de acordo co establecido na citada Directiva 2003/55.

Ademais revísanse as obrigas e dereitos dos suxeitos do sistema gasista que realizan as actividades de distribución e subministración de gas natural consideradas nos capítulos V e VI, respectivamente, do citado título IV da Lei 34/1998.

Por outra banda, realízanse as modificacións necesarias no capítulo V, para adaptar o réxime económico do sector á nova situación en que son os comercializadores os únicos axentes que realizan a subministración en condicións de libre competencia, coas excepcións necesarias para o «subministrador de último recurso».

A lei adapta os artigos da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, en materia de seguranza e diversificación de subministración, de acordo coas funcións asignadas aos diferentes suxeitos que actúan no sistema gasista.

Establécese un período transitorio, ata o 1 de xaneiro de 2008, para a adaptación progresiva do modelo existente ao novo modelo definido nesta lei.

Ademais, como consecuencia do novo modelo establecido para o funcionamento do sistema gasista resulta necesario actualizar os termos dos artigos 109, 110 e 115 da lei nos cales se establece o réxime sancionador para as actividades do sector de hidrocarburos.

Artigo único. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, modifícase nos seguintes termos:

Un. O título e a redacción do artigo 3 pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 3. *Competencias das autoridades reguladoras.*

1. Correspóndelle ao Goberno, nos termos establecidos nesta lei:

- a) Exercer as facultades de planificación en materia de hidrocarburos.
- b) Establecer a regulación básica correspondente ás actividades a que se refire esta lei.
- c) Determinar as peaxes polo uso de instalacións afectas ao dereito de acceso por parte de terceiros así como as tarifas de último recurso, naqueles casos en que esta lei así o estableza e fixar os tipos e prezos de servizos asociados á subministración que se determinen regulamentariamente.
- d) Establecer os requisitos mínimos de calidade e seguraza que deben rexer a subministración de hidrocarburos.

2. Correspóndelle á Administración xeral do Estado, nos termos establecidos nesta lei:

- a) Outorgar as autorizacións de exploración e permisos de investigación a que se refire o título II, cando afecte o ámbito territorial de máis dunha comunidade autónoma. Así mesmo, outorgar as concesións de explotación a que se refire o citado título desta lei.
- b) Outorgar autorizacións de exploración, permisos de investigación e concesións de explotación nas zonas de subsolo mariño a que se refire o título II desta lei. Así mesmo, outorgar as autorizacións de exploración e permisos de investigación cando o seu ámbito abranga á vez zonas terrestres e do subsolo mariño.
- c) Autorizar as instalacións que integran a rede básica de gas natural, así como aquelas instalacións de transporte secundario e de distribución, a que se refire esta lei, cando saian do ámbito territorial dunha comunidade autónoma. Así mesmo, emitirá informe, con carácter vinculante, sobre as autorizacións daquelas instalacións da rede de transporte secundario que sexan competencia das comunidades autónomas. O devandito informe fará referencia explícita ás condicións que se aplicarán no procedemento de adxudicación.
- d) Autorizar os comercializadores de gas natural cando o seu ámbito de actuación vaia superar o territorio dunha comunidade autónoma.
- e) Autorizar a actividade dos operadores por xunto de produtos petrolíferos e de gases licuados do petróleo.
- f) Impartir, no ámbito da súa competencia, instrucións relativas á ampliación, mellora e adaptación das infraestruturas de transporte e distribución de hidrocarburos en garantía dunha axeitada calidade e seguraza na subministración de enerxía.
- g) Inspeccionar, no ámbito da súa competencia, o cumprimento das condicións técnicas e, de ser o caso, económicas, que resulten exixibles.
- h) Inspeccionar o cumprimento do mantemento de existencias mínimas de seguraza dos operadores por xunto que resulten obrigados.
- i) Sancionar, de acordo coa lei, a comisión das infraccións establecidas nesta lei no ámbito da súa competencia.

3. Correspóndelles ás comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias:

- a) O desenvolvemento lexislativo e a execución da normativa básica en materia de hidrocarburos.
- b) A planificación en coordinación coa realizada polo Goberno.

c) Outorgar as autorizacións de exploración e permisos de investigación a que se refire o título II desta lei, cando afecte o seu ámbito territorial.

d) Autorizar aquelas instalacións cuxo aproveitamento non afecte outras comunidades ou o transporte ou a distribución non saia do seu ámbito territorial.

e) Autorizar os comercializadores de gas natural cando o seu ámbito de actuación se vaia circunscribir a unha comunidade autónoma.

f) Impartir as instrucións relativas á ampliación, mellora e adaptación das instalacións de transporte ou distribución de hidrocarburos que resulten da súa competencia e supervisar o seu cumprimento.

Así mesmo, determinar en que casos a extensión das redes de gasodutos corresponde a unha extensión natural da rede de distribución ou se trata dunha liña directa ou dunha acometida, en aplicación dos criterios que estableza o Goberno.

g) Inspeccionar, no ámbito das instalacións da súa competencia, as condicións técnicas, ambientais e, de ser o caso, económicas das empresas titulares das devanditas instalacións.

h) Inspeccionar o mantemento de existencias mínimas de seguraza cando tal mantemento corresponda a distribuidores a retallo ou a consumidores situados no seu ámbito territorial.

i) Sancionar, de acordo coa lei, a comisión das infraccións no ámbito da súa competencia.

j) Supervisar o cumprimento das funcións das empresas distribuidoras no seu ámbito territorial.

4. Sen prexuízo das competencias atribuídas aos diferentes órganos de defensa da competencia, a Comisión Nacional de Enerxía, ademais das funcións establecidas na lexislación vixente e co obxecto de garantir a ausencia de discriminación e un funcionamento eficaz do mercado, supervisará os seguintes aspectos no sector do gas natural:

- a) A xestión e asignación de capacidade de interconexión.
- b) Os mecanismos destinados a solucionar a conxestión da capacidade nas redes.
- c) O tempo utilizado polos transportistas e distribuidores en efectuar conexións e reparacións.
- d) A axeitada publicación da información necesaria por parte dos transportistas e distribuidores sobre as interconexións, a utilización da rede e a asignación de capacidades ás partes interesadas.
- e) A separación efectiva de contas co obxecto de evitar subvencións cruzadas entre actividades de transporte, distribución, almacenamento e subministración.
- f) As condicións de acceso ao almacenamento.
- g) A medida en que as empresas transportistas e distribuidoras están a cumprir as súas funcións.
- h) O nivel de transparencia e competencia.
- i) O cumprimento da normativa e os procedementos que se establezan relacionados cos cambios de subministrador, así como a actividade da Oficina de Cambios de Subministrador.

Para tal efecto, a Comisión Nacional de Enerxía poderá ditar circulares, que deberán ser publicadas no «Boletín Oficial del Estado», para solicitar dos suxeitos que actúan no mercado gasista tanta información requira para efectuar a supervisión.

5. A Administración xeral do Estado poderá subscribir convenios de colaboración coas comunidades autónomas para conseguir unha xestión máis eficaz das actuacións administrativas relacionadas coas instalacións a que se refire esta lei.»

Dous. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 4 que quedan redactados como segue:

«1. A planificación en materia de hidrocarburos terá carácter indicativo, salvo no que se refire ás instalacións integrantes da rede básica de gas natural, á rede de transporte secundario, á determinación da capacidade de regasificación total de gas natural licuado necesaria para abastecer o sistema gasista, ás instalacións de almacenamento de reservas estratéxicas de hidrocarburos líquidos e de almacenamento básico de gas natural, ás instalacións de transporte secundario e á determinación de criterios xerais para o establecemento de instalacións de subministración de produtos petrolíferos a retalho, tendo nestes casos carácter obrigatorio para a garantía de subministración de hidrocarburos.

Para o recoñecemento da retribución de instalacións de gas natural suxeitas a planificación obrigatoria, será requisito indispensable que fosen incluídas na planificación a que se refire o parágrafo anterior.

2. A planificación en materia de hidrocarburos, será realizada polo Goberno coa participación das comunidades autónomas e será presentada ao Congreso dos Deputados.»

Tres. Modifícanse os seguintes artigos da Lei 34/1998 relativos ao sector da exploración e explotación de hidrocarburos:

Engádeselle un novo punto ao artigo 5, tendo o mencionado punto (punto 3) a seguinte redacción:

«3. As restricións previstas nos instrumentos de ordenación ou de planificación descritos no punto anterior que afecten as actividades de exploración, investigación e explotación de hidrocarburos non poderán ter carácter xenérico e deberán estar motivadas.»

Modifícase o punto 2 do artigo 8, quedando o mencionado punto coa seguinte redacción:

«2. Os permisos de investigación e as concesións de explotación só lles poderán ser outorgados, individualmente ou en titularidade compartida, a sociedades mercantís que acrediten a súa capacidade técnica e financeira para levar a cabo as operacións de investigación e, de ser o caso, de explotación das áreas solicitadas.

As sociedades mercantís a que se fai referencia no parágrafo anterior deberán incluír no seu obxecto social a realización de actividades de exploración, investigación ou explotación de hidrocarburos ou de almacenamentos subterráneos.»

Modifícanse os puntos 2, 3 e 4 do artigo 9, quedando os mencionados puntos coa seguinte redacción:

«2. O permiso de investigación faculta o seu titular para investigar, en exclusiva, na superficie outorgada, a existencia de hidrocarburos e de almacenamentos subterráneos para estes, nas condicións establecidas na normativa vixente e no plan de investigación previamente aprobado. O outorgamento dun permiso de investigación confírelle ao titular o dereito, en exclusiva, a obter concesións de explotación, en calquera momento do prazo de vixencia do permiso, sobre a mesma área, co cumprimento previo das condicións a que se refire o capítulo III deste título.

3. A concesión de explotación faculta o seu titular para realizar o aproveitamento dos recursos descubertos, ben por extracción dos hidrocarburos, ben pola utilización das estruturas como almacenamento subterráneo de calquera tipo daqueles, así como para proseguir os traballos de investigación na área outorgada.

O titular dunha concesión de explotación terá dereito ás autorizacións pertinentes para a construción e utilización das instalacións que sexan necesarias para o desenvolvemento da súa actividade, sempre que se axusten á lexislación vixente e ao plan de explotación previamente aprobado.

4. Con carácter previo á iniciación dos traballos de exploración, investigación, explotación ou almacenamento de hidrocarburos deberase constituír un seguro de responsabilidade civil co fin de responder de posibles danos a persoas ou bens, como consecuencia das actividades que se vaian desenvolver de acordo co que se estableza regulamentariamente tendo en conta a súa natureza.»

Modifícanse os puntos 2, 3 e suprímese o punto 4 do artigo 12, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 12. *Obriga de información.*

1. Os titulares de autorizacións de exploración, permisos de investigación e concesións de explotación estarán obrigados a lle proporcionar ao órgano competente que os outorgase a información que lle solicite respecto ás características do xacigo e aos traballos, producións e investimentos que realicen, así como os informes xeolóxicos e xeofísicos referentes ás súas autorizacións, permisos e concesións, así como os demais datos que regulamentariamente se determinen.

2. No suposto de autorizacións de exploración, o carácter confidencial manterase durante o prazo de sete anos desde a data de terminación dos traballos de campo. Así mesmo, no suposto de permisos de investigación e concesións de explotación, a información obtida terá carácter confidencial durante o seu período de vixencia.

3. A documentación técnica xerada por programas de prospección en autorizacións de exploración, permisos de investigación e concesións de explotación deberá ser remitida á Administración xeral do Estado para a súa incorporación ao Arquivo Técnico de Hidrocarburos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e ademais, de ser o caso, á comunidade autónoma que os outorgase.»

Modifícase o punto 2 do artigo 15, quedando o mencionado punto coa seguinte redacción:

«2. Con carácter xeral as superficies dos permisos de investigación terán un mínimo de 10.000 hectáreas e un máximo de 100.000 hectáreas.

Reglamentariamente, determinarase en que casos a superficie do permiso de investigación poderá quedar fóra do rango establecido no parágrafo anterior.»

Modifícase o artigo 16, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 16. *Solicitud e rexistro.*

1. O permiso de investigación solicitaráselle ao Ministerio de Industria e Enerxía ou ao órgano correspondente da comunidade autónoma cando afecte o seu ámbito territorial. No citado ministerio deberá haber un rexistro público especial, sen prexuízo dos posibles rexistros territoriais, no cal se fará constar a identidade do solicitante, o día de presentación, o número de orde que lle correspondese á solicitude e as demais circunstancias.

As comunidades autónomas terán a obriga de lle comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a información relativa aos permisos de investigación solicitados ás comunidades autóno-

mas e aos outorgados por estas de acordo co procedemento que regulamentariamente se determine.

2. O solicitante do permiso de investigación deberá presentar polo menos a seguinte documentación co alcance que se estableza na correspondente normativa de desenvolvemento:

- a) Acreditación da capacidade legal, técnica e económico-financeira do solicitante.
- b) Superficie do permiso de investigación que se delimitará polas súas coordenadas xeográficas.
- c) Plan de investigación, que comprenderá o programa de traballos, o plan de investimentos, as medidas de protección ambientais e o plan de restauración.
- d) Acreditación de constitución da garantía a que se refire o artigo 21 desta lei.»

Modifícase o artigo 17, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 17. *Ofertas en competencia.*

1. Recibida a solicitude no correspondente rexistro, o órgano competente comprobará se o solicitante reúne os requisitos exixidos neste título.

2. No caso de que o solicitante non reúna os devanditos requisitos, denegarase a solicitude. Se os cumpre, ordenarase a publicación no «Boletín Oficial del Estado» e ademais, se é o caso, no boletín oficial da comunidade autónoma competente para o outorgamento, dun anuncio no cal se publique o nome do solicitante e a delimitación da superficie, co fin de que no prazo de dous meses se poidan presentar ofertas en competencia ou de que poidan formular oposición os que se consideren prexudicados no seu dereito.»

Modifícase o título e o punto 1 do artigo 18, quedando o mencionado título e punto coa seguinte redacción:

«Artigo 18. *Procedemento de adxudicación.*

1. Regulamentariamente establecerase a documentación, forma e prazos para a presentación de ofertas en competencia, procedemento de adxudicación do permiso e investimentos mínimos que se realizarán en cada período de vixencia.»

Modifícase o artigo 19, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 19. *Concurrencia de solicitudes.*

No caso de concurrencia de dúas ou máis solicitudes sobre a mesma área, os novos solicitantes deberán acreditar a súa capacidade legal, técnica e económico-financeira ante o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou, de ser o caso, ante o órgano competente da comunidade autónoma.

Regulamentariamente, regularanse os criterios de valoración no caso de ofertas en competencia tendo en conta, entre outros, a maior contía dos investimentos, a rapidez de execución do programa de investimento e a prima ofrecida por enriba do valor do canon de superficie para os permisos de investigación e as concesións de explotación que se establecen na disposición adicional primeira desta lei.

Así mesmo, regulamentariamente establecerase o procedemento de adxudicación de ofertas en competencia no caso de demasías.»

Modifícase o artigo 20, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 20. *Concurso para áreas non concedidas.*

O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio ou, se é o caso,

os órganos de goberno das comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias e cando o consideren necesario para obter a oferta que mellor conveña ao interese xeral poderán abrir concurso sobre determinadas áreas non concedidas nin en tramitación mediante anuncio publicado no «Boletín Oficial del Estado» e ademais no boletín oficial da comunidade autónoma no caso dos concursos convocados por unha comunidade autónoma, e adxudicarllas ao concursante que, reunindo os requisitos exixidos, ofrezca as mellores condicións.»

Modifícase o punto 1 do artigo 21, quedando o mencionado punto coa seguinte redacción:

«1. A garantía exixida no artigo 16 fixarase en función do plan de investimentos e do plan de restauración presentados polo solicitante e responderá ao cumprimento das obrigas de investimento, fiscais, da Seguridade Social e de restauración e outras obrigas derivadas dos permisos de investigación.»

Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 22, quedando os mencionados puntos coa seguinte redacción:

«1. O titular dun permiso de investigación estará obrigado a desenvolver o programa de traballo e os investimentos dentro dos prazos que se especifiquen nas resolucións de outorgamento do órgano competente. Así mesmo, estará obrigado a presentar anualmente os plans de labores de acordo co que se estableza regulamentariamente.

2. O órgano competente poderá modificar, nas condicións que regulamentariamente se determinen, os prazos a que se refire o punto 1 deste artigo, o programa de traballos e o plan de investimentos, e mesmo transferir obrigas do plan de investimentos duns permisos a outros, logo de renuncia dos primeiros.»

Modifícase o título e o contido do artigo 24, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 24. *Dereitos dos titulares das concesións de explotación de xacigos de hidrocarburos.*

1. A concesión de explotación de xacigos de hidrocarburos confírelles aos seus titulares o dereito a realizar en exclusiva a explotación do xacigo de hidrocarburos nas áreas outorgadas por un período de trinta anos, prorrogable por dous períodos sucesivos de dez.

2. Os titulares dunha concesión de explotación de xacigos de hidrocarburos terán dereito a continuar as actividades de investigación nas devanditas áreas e á obtención de autorizacións para as actividades previstas neste título.

3. Os titulares dunha concesión de explotación de xacigos de hidrocarburos poderán vender libremente os hidrocarburos obtidos.»

Súmase un novo artigo (artigo 24 bis), tendo o mencionado artigo a seguinte redacción:

«Artigo 24 bis. *Dereitos dos titulares das concesións de explotación de almacenamento subterráneo de hidrocarburos.*

1. Os titulares dunha concesión de almacenamento subterráneo de hidrocarburos terán dereito a almacenar hidrocarburos de produción propia ou propiedade de terceiros no subsolo da área outorgada e outorgarase por un período de trinta anos, prorrogable por dous períodos sucesivos de dez anos. Así mesmo, poderán realizar actividades de investigación dos devanditos almacenamentos.

2. Se por razóns técnicas se require a extracción de hidrocarburos existentes na estrutura subterránea obxecto da concesión de almacenamento subterráneo, os seus titulares poderán proceder á extracción dos hidrocarburos de acordo coas condicións establecidas no outorgamento da concesión.»

Modifícase o artigo 25, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 25. *Solicitud dunha concesión de explotación.*

1. Os solicitantes de concesións de explotación de xacigos de hidrocarburos ou de almacenamentos subterráneos, nos termos que regulamentariamente se establezan, deberán presentar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a seguinte documentación:

a) Memoria técnica que detalle a situación, extensión e datos técnicos da concesión que xustifiquen a súa solicitude.

b) Plan xeral de explotación, programa de investimentos, estudo de impacto ambiental e, de ser o caso, estimación de reservas recuperables e perfil de produción.

c) Plan de desmantelamento e abandono das instalacións unha vez finalizada a explotación do xacigo ou do almacenamento subterráneo, así como recuperación do medio.

d) Xustificante acreditativo da garantía constituída polo solicitante na Caixa Xeral de Depósitos.

2. O Goberno autorizará, logo de informe da comunidade autónoma afectada, o outorgamento de concesión de explotación de xacigos de hidrocarburos ou de almacenamentos subterráneos mediante real decreto. O real decreto fixará as bases do plan de explotación proposto, o seguro de responsabilidade civil que deberá subscribir obrigatoriamente o titular da concesión e a provisión económica de desmantelamento. Cando razóns de interese xeral o aconsellen, o plan de explotación poderá ser modificado por real decreto, logo de informe da comunidade autónoma afectada.

Malia o establecido no parágrafo anterior, cando a concesión de explotación se refira a almacenamentos subterráneos de gas natural que polas súas características non teñan a condición de almacenamentos básicos, a autorización do Goberno deberase realizar logo de informe favorable da comunidade autónoma afectada.

3. Tres meses antes do comezo de cada ano natural, o concesionario presentará para a súa aprobación ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio un plan anual de labores que se axustará ao plan de explotación en vigor.

4. Se vencese o prazo dun permiso de investigación antes de se outorgar a concesión de explotación de xacigos de hidrocarburos ou de almacenamento subterráneo solicitada, o permiso de investigación entenderase prorrogado ata a resolución do expediente de concesión.»

Modifícase o punto 3 do artigo 26, quedando o mencionado punto coa seguinte redacción:

«3. A parte da superficie afecta a un permiso de investigación que non resulte cuberta polas concesións de explotación outorgadas poderá seguir dedicándose a actividades de investigación ata o límite do período de vixencia do permiso.»

Modifícase o punto 2 e suprímese o 3 do artigo 27, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 27. *Condicións e garantía.*

1. Os concesionarios nos seus labores de explotación deberán cumprir as condicións e requisitos técnicos que se determinen regulamentariamente.

2. A garantía a que se refire o artigo 25 para unha concesión de explotación fixarase en función do programa de investimentos presentado polo solicitante e responderá ao cumprimento das obrigas fiscais, da Seguridade Social, de desmantelamento e de recuperación, e outras obrigas derivadas das concesións de explotación.»

Modifícase o artigo 28, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 28. *Prórroga das concesións de explotación.*

1. As prórrogas de concesións de explotación de xacigos e de almacenamentos subterráneos, de acordo co disposto nos artigos 24 e 24 bis desta lei, solicitaránselle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

2. Para a solicitude de prórroga por parte do titular dunha concesión será condición necesaria que se cumprisen as obrigas comprometidas no período de vixencia anterior e que manteña a súa actividade de acordo co seu plan de explotación. Regulamentariamente, regularase o procedemento de solicitude e outorgamento das prórrogas dunha concesión de explotación de xacigos ou de almacenamento subterráneo de hidrocarburos.»

Suprímese o punto 3 do artigo 29, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 29. *Reversión de instalacións.*

1. A anulación ou extinción dunha concesión de explotación dará lugar á súa inmediata reversión ao Estado que lle poderá exixir ao titular o desmantelamento das instalacións de explotación.

No caso de que non se solicite o desmantelamento reverterán gratuitamente ao Estado os pozos, equipamentos permanentes de explotación e de conservación daqueles e calquera obra estable de traballo incorporada de modo permanente aos labores de explotación.

2. A Administración poderá autorizar o titular dunha concesión de explotación e por solicitude deste, a utilización das instalacións de calquera clase e obras estables situadas dentro da concesión de explotación e incorporadas de modo permanente aos labores de explotación e que, conforme o disposto neste artigo, revertan ao Estado, se ao mesmo tempo da reversión se estivesen a utilizar para o servizo de concesións de explotación ou permisos de investigación do mesmo titular, nas condicións que se establezan regulamentariamente.»

Súmase un novo artigo (artigo 29 bis), tendo o mencionado artigo a seguinte redacción:

«Artigo 29 bis. *Adaptación de concesións de explotación.*

Reglamentariamente establecerase o procedemento de adaptación dunha concesión de explotación de recursos naturais ou dunha concesión de explotación de xacigos de hidrocarburos a unha concesión de explotación de almacenamento subterráneo.»

Modifícase o punto 2 do artigo 35, quedando o mencionado punto coa seguinte redacción:

«2. Cando a paralización do expediente ou suspensión de traballos se produza por causas non imputables ao titular, o permiso ou concesión prolongarase polo prazo de duración daquela. Durante

o devandito período de paralización ou suspensión non será exixible canon nin taxa ningún nin o mantemento do plan de investimentos previsto nas condicións que regulamentariamente se establezan.»

Catro. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 41 que queda redactado como segue:

«Os titulares de instalacións fixas de almacenamento e transporte de produtos petrolíferos que, de acordo co previsto no parágrafo anterior, deban permitir o acceso de terceiros, teranlle que comunicar á Comisión Nacional de Enerxía os contratos que subscriban, a relación de prezos pola utilización das referidas instalacións, así como as modificacións que se produzan nestes nun prazo máximo de tres meses. A Comisión Nacional de Enerxía fará pública esta información nos termos previstos na disposición adicional décimo primeira, punto terceiro, número 4, desta lei.»

Cinco. Modifícanse os seguintes artigos da Lei 34/1998 relativos á subministración de gases licuados do petróleo:

Súmase un novo artigo (artigo 44 bis), tendo o mencionado artigo a seguinte redacción:

«Artigo 44 bis. *Actividades relacionadas coa subministración de gases licuados do petróleo.*

1. Enténdese por gases licuados do petróleo, en diante GLP, para os efectos desta lei, as fraccións de hidrocarburos lixeiros que se obteñen do petróleo cru ou do gas natural, principalmente propano e butano.

2. As actividades relacionadas coa subministración de GLP son as seguintes: produción, adquisición, intercambio intracomunitario, importación e exportación; almacenamento, mestura e envasado; transporte; comercialización por xunto; comercialización a retallo; instalación, mantemento e revisión das instalacións relacionadas coa subministración dos GLP.

3. Os GLP poderán ser subministrados nas modalidades de envasado e a granel.

4. Enténdese por «subministración por xunto» aquela que non supón subministración a un consumidor ou usuario final.

5. Enténdese por «subministración a retallo» a venda a consumidores ou usuarios finais.»

Modifícase o artigo 45, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 45. *Operadores por xunto.*

1. As actividades de almacenamento, mestura e envasado, transporte e comercialización por xunto de GLP requirirán autorización administrativa previa, coa excepción do envasado, distribución e venda de envases con capacidade non superior a 8 litros.

2. Para a obtención da autorización para realizar a actividade do operador por xunto de GLP os solicitantes deberán acreditar:

a) Que están constituídos como sociedades mercantís.

b) A súa capacidade legal, técnica e económico-financeira para a realización da actividade.

c) O cumprimento polas súas instalacións das condicións técnicas e de seguranza que se establezan regulamentariamente.

d) Que contan cos medios necesarios para cumprir coas obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguranza, cando lles sexan exixibles, de acordo co previsto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

3. Os suxeitos autorizados para realizar estas actividades deberán ter á disposición dos comercializadores a retallo de gases licuados de petróleo e, se é

o caso, dos seus clientes, un servizo de asistencia técnica permanente das instalacións dos seus usuarios que garanta o seu correcto funcionamento.

4. Os operadores por xunto deberánlles exixir aos comercializadores a retallo de GLP envasado e aos titulares das instalacións de GLP a granel ou, se é o caso, aos usuarios aos cales lles subministren, a documentación acreditativa de que as súas instalacións cumpren as condicións técnicas e de seguranza que regulamentariamente resulten exixibles.»

Modifícase o título e o contido do artigo 46, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 46. *Comercializadores a retallo de gases licuados do petróleo a granel.*

1. As actividades de almacenamento, mestura, transporte e comercialización a retallo de GLP a granel requirirán autorización administrativa previa, agás para a venda de gases licuados do petróleo a granel para subministración a vehículos que se realice desde as instalacións fixas de distribución a retallo de produtos petrolíferos reguladas no artigo 43 desta lei.

2. Para a obtención da autorización para realizar a actividade do comercializador a retallo de GLP a granel, os solicitantes deberán acreditar:

a) Que están constituídos como sociedades mercantís.

b) A súa capacidade legal, técnica e económico-financeira para a realización da actividade.

c) O cumprimento polas súas instalacións das condicións técnicas e de seguranza que se establezan regulamentariamente.

d) Que contan cos medios necesarios para cumprir coas obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguranza, cando lles sexan exixibles, de acordo co previsto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

3. As empresas que subministren gases licuados do petróleo a granel deberánlles exixir aos titulares das instalacións ou, de ser o caso, aos consumidores a documentación acreditativa de que as súas instalacións cumpren as condicións técnicas e de seguranza que regulamentariamente resulten exixibles.»

Súmase un novo artigo (artigo 46 bis), tendo o mencionado artigo a seguinte redacción:

«Artigo 46 bis. *Instalacións de GLP a granel.*

1. Requirirán autorización administrativa previa, nos termos establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, a construción, modificación, explotación e peche das instalacións de almacenamento e distribución de GLP a granel, e as canalizacións necesarias para a subministración desde os almacenamentos anteriores ata os consumidores finais.

A transmisión destas instalacións deberá ser autorizada pola administración competente.

A autorización administrativa de peche dunha instalación poderalle impoñer ao seu titular a obriga de proceder ao seu desmantelamento.

2. Poderanse realizar libremente, sen máis requisitos que os relativos ao cumprimento das disposicións técnicas, de seguranza e ambientais as seguintes instalacións:

a) As que se relacionan no punto anterior cando o seu obxecto sexa o consumo propio, non podendo subministrar a terceiros.

b) As de almacenamento, distribución e subministración de GLP dun usuario ou dos usuarios dun mesmo bloque de vivendas.

3. Non requirirán autorización administrativa os proxectos de instalacións necesarias para a defensa nacional consideradas de interese militar, conforme a Lei 8/1975, do 12 de marzo, de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, e a súa normativa de desenvolvemento.

4. Os solicitantes de autorizacións para instalacións de gas relacionadas no punto 1 deberán acreditar suficientemente o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) As condicións técnicas e de seguranza das instalacións propostas.

b) O axeitado cumprimento das condicións de protección do ambiente.

c) A adecuación da localización da instalación ao réxime de ordenación do territorio.

d) A súa capacidade legal, técnica e económico-financieira para a realización do proxecto.

e) Os solicitantes deberán revestir a forma de sociedade mercantil de nacionalidade española ou, de ser o caso, doutro Estado membro da Unión Europea con establecemento permanente en España.

5. As autorizacións a que se refire o punto 1 deste artigo serán outorgadas pola Administración competente, sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias, de acordo con outras disposicións que resulten aplicables, a correspondente lexislación sectorial e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente, e valorarase a conveniencia de deseñar e construír as instalacións compatibles para a distribución de gas natural.

O procedemento de autorización incluírá o trámite de información pública e a forma de resolución no suposto de concorrencia de dúas ou máis solicitudes de autorización.

Outorgada a autorización e para os efectos de garantir o cumprimento das súas obrigas, o titular deberá constituír unha garantía do dous por cento do orzamento das instalacións.

A falta de resolución expresa das solicitudes de autorización a que se refire este artigo terá efectos desestimatorios. En todo caso, poderase interpoñer recurso ordinario ante a autoridade administrativa correspondente.

6. As autorizacións de instalacións de distribución conterán todos os requisitos que deban ser observados na súa construción e explotación, a delimitación da zona en que se debe prestar a subministración, os compromisos de expansión da rede na devandita zona que debe asumir a empresa solicitante e, de ser o caso, o prazo para a execución das devanditas instalacións e a súa caracterización.

7. O incumprimento das condicións, requisitos establecidos nas autorizacións ou a variación substancial dos presupostos que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar á súa revogación.

A Administración competente denegará a autorización cando non se cumpran os requisitos previstos legalmente ou a empresa non garanta a capacidade legal, técnica e económica necesarias para acometer a actividade proposta.

8. Os titulares das instalacións de distribución de GLP a granel deberánlle solicitar á Administración concedente da autorización a correspondente autorización para transformalas para a súa utilización con gas natural, debendo cumprir as condicións técnicas de seguranza que sexan de aplicación, someténdose

en todo ás disposicións normativas vixentes para as instalacións de distribución de gas natural.

9. Regulamentariamente, regularanse as obrigas e dereitos dos titulares das instalacións, así como as dos consumidores e comercializadores de GLP a granel. Así mesmo, definirase o contido mínimo dos contratos entre os usuarios e os propietarios das instalacións.

10. O titular de instalacións ou, de ser o caso, os usuarios serán responsables de que as súas instalacións cumpran as condicións técnicas e de seguranza que regulamentariamente resulten exixibles así como do seu correcto mantemento.»

Modifícase o artigo 47, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 47. *Comercializadores a retallo de gases licuados do petróleo envasados.*

1. A comercialización a retallo de gases licuados do petróleo envasados será realizada libremente.

As instalacións que se destinen ao almacenamento e comercialización dos envases de gases licuados do petróleo envasados deberán cumprir as condicións técnicas e de seguranza que regulamentariamente lles sexan exixibles.

2. Serán comercializadores a retallo de GLP envasado aquelas persoas físicas ou xurídicas que realicen a venda a retallo de envases de GLP a consumidores ou usuarios finais.

3. Só se poderán establecer pactos de subministración en exclusiva de gases licuados do petróleo envasados entre os operadores e os comercializadores a que se refire este artigo, cando se lles garanta aos usuarios que o soliciten a subministración domiciliar de gases licuados do petróleo envasados.

4. Os comercializadores a retallo de gases licuados do petróleo envasados poderán ter á disposición dos seus clientes un servizo de asistencia técnica permanente de instalacións de consumo dos usuarios.»

Modifícase o título e o contido do artigo 48, quedando o mencionado artigo coa seguinte redacción:

«Artigo 48. *Rexistros administrativos.*

Créanse no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o Rexistro de operadores por xunto de gases licuados do petróleo e o Rexistro de comercializadores a retallo de gases licuados do petróleo a granel.

Regulamentariamente, estableceranse os procedementos de inscrición nos citados rexistros.»

Modifícase o punto 2 do artigo 50, quedando o mencionado punto coa seguinte redacción:

«2. Cando se trate de gases licuados do petróleo os operadores por xunto deste produto, así como os comercializadores ou consumidores que non adquieran o produto a operadores ou comercializadores autorizados, estarán obrigados a manter existencias mínimas de seguranza ata un máximo de trinta días das súas vendas ou consumos anuais.»

Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 55, quedando os mencionados puntos coa seguinte redacción:

«1. Requiritán autorización administrativa previa nos termos establecidos nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan, as seguintes instalacións destinadas á subministración aos usuarios de combustibles gasosos por canalización:

a) As plantas de regasificación e licuefacción de gas natural e de fabricación de gases combusti-

bles manufacturados ou sintéticos ou de mestura de gases combustibles por aire.

b) As instalacións de almacenamento, transporte e distribución de gas natural.

c) O almacenamento e distribución de combustibles gasosos manufacturados, e sintéticos e mesturas de gases e aire para subministración por canalización.

As instalacións relativas aos gases licuados do petróleo, rexeranse polo disposto no título III.

2. Poderanse realizar libremente, sen máis requisitos que os relativos ao cumprimento das disposicións técnicas e de seguraza e ambientais as seguintes instalacións:

a) As que se relacionan no punto anterior cando o seu obxecto sexa o consumo propio, non podendo subministrar a terceiros.

b) As relativas a fabricación, mestura, almacenamento, distribución e subministración de combustibles gasosos desde un centro produtor en que o gas sexa un subproduto.

c) As de almacenamento, distribución e subministración de gas natural dun usuario ou dos usuarios dun mesmo bloque de vivendas.

d) As liñas directas consistentes nun gasoduto para gas natural cuxo obxecto exclusivo sexa a conexión das instalacións dun consumidor cualificado co sistema gasista.»

Modifícase o punto 1 do artigo 77, quedando o mencionado punto coa seguinte redacción:

«1. Considéranse instalacións de distribución doutros combustibles gasosos, as plantas de fabricación de gases combustibles a que fai referencia o artigo 56 e os gasodutos necesarios para a subministración desde as plantas anteriores ata os consumidores finais.»

Seis. O punto 5 do artigo 52 queda redactado como segue:

«5. Regulamentariamente, desenvolveranse as funcións da corporación e establecerase a súa organización e réxime de funcionamento. Nos seus órganos de administración estarán suficientemente representados os operadores por xunto a que se refiren os artigos 42 e 45 desta lei e os comercializadores de gas natural regulados no artigo 58 desta lei, así como representantes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e da Comisión Nacional de Enerxía.

Os representantes dos suxeitos obrigados indicados no punto anterior serán membros da corporación, formarán parte da súa asemblea e o seu voto nela graduarase en función do volume da súa achega financeira anual.

O presidente da corporación e a parte de vogais do seu órgano de administración que regulamentariamente se determine serán designados polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. O titular do devandito departamento poderá impoñer o seu veto a aqueles acordos da corporación que infrinxan o disposto nesta lei e disposicións de desenvolvemento.»

Sete. O artigo 57 queda redactado como segue:

«Artigo 57. *Garantía de subministración.*

1. Os consumidores terán dereito de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de gas natural nas condicións que regulamentariamente determine o Goberno logo de consulta ás comunidades autónomas.

2. Os consumidores que se estableza terán dereito a se acoller á subministración a uns prezos máximos que serán fixados polo ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo de Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos, e que terán a consideración de tarifa de último recurso.»

Oito. O artigo 58 pasa a ter a seguinte redacción:

«As actividades destinadas á subministración de gas natural por canalización serán desenvolvidas polos seguintes suxeitos:

a) Os transportistas son aquelas sociedades mercantís autorizadas para a construción, operación e mantemento de instalacións de regasificación de gas natural licuado, de transporte ou de almacenamento básico de gas natural.

b) O xestor técnico do sistema será o responsable da operación e xestión da rede básica e das redes de transporte secundario definidas nesta lei de acordo coas funcións establecidas no artigo 64. Así mesmo, será responsable de manter as condicións para a operación normal do sistema.

c) Os distribuidores son aquelas sociedades mercantís autorizadas para a construción, operación e mantemento de instalacións de distribución destinadas a situar o gas nos puntos de consumo.

Os distribuidores tamén poderán construír, manter e operar instalacións da rede de transporte secundario, debendo levar na súa contabilidade interna contas separadas de ambas as dúas actividades de conformidade co disposto no artigo 63.

d) Os comercializadores son as sociedades mercantís que, accedendo ás instalacións de terceiros nos termos establecidos neste título, adquiren o gas natural para a súa venda aos consumidores, a outros comercializadores ou para realizar tránsitos internacionais.

e) Os consumidores finais, que son os que adquiren gas para o seu propio consumo e terán dereito a elixir subministrador. No caso de que accedan directamente ás instalacións de terceiros denominaranse consumidores directos en mercado.

f) A Oficina de Cambios de Subministrador, que será a sociedade mercantil responsable da supervisión e, de ser o caso, xestión dos cambios de subministrador dos consumidores finais.»

Nove. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 59 que pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 59. *Sistema gasista e rede básica de gas natural.*

1. O sistema gasista comprenderá as seguintes instalacións: as incluídas na rede básica, as redes de transporte secundario, as redes de distribución, os almacenamentos non básicos e demais instalacións complementarias.

2. Para os efectos establecidos nesta lei, a rede básica de gas natural estará integrada:

a) polos gasodutos de transporte primario de gas natural a alta presión. Consideraranse como tales aqueles cuxa presión máxima de deseño sexa igual ou superior a 60 bares.

b) Polas plantas de regasificación de gas natural licuado que poidan abastecer o sistema gasista e as plantas de licuefacción de gas natural.

c) Polos almacenamentos básicos de gas natural, que poidan abastecer o sistema gasista.

d) Polas conexións da rede básica con xacigos de gas natural no interior ou con almacenamentos.

e) Polas conexións internacionais do sistema gasista español con outros sistemas ou con xacigos no exterior.»

Dez. Modifícase o artigo 60 que queda redactado como segue:

«1. A regasificación, o almacenamento básico, o transporte, e a distribución teñen carácter de actividades reguladas, cuxo réxime económico e de funcionamento se axustará ao previsto nesta lei.

2. Sen prexuízo do establecido para os subministradores de último recurso, a actividade de comercialización desenvolverase en réxime de libre competencia, conforme o disposto nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan, e o seu réxime económico virá determinado polas condicións que pacten as partes.

3. Garántese o acceso de terceiros ás instalacións da rede básica e ás instalacións de transporte e distribución nas condicións técnicas e económicas establecidas nesta lei. O prezo polo uso destas instalacións virá determinado pola peaxe aprobada polo ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo de Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos.

4. Agás pacto expreso en contrario, a transmisión da propiedade do gas entenderase producida no momento en que este teña entrada nas instalacións do comprador.

5. As actividades para a subministración de gas natural que se desenvolvan nos territorios insulares e extrapeninsulares serán obxecto dunha regulación regulamentaria singular, logo de acordo coas comunidades e cidades autónomas afectadas e atenderá ás especificidades derivadas da súa situación territorial.»

Once. Modifícase o título e o contido do artigo 61 que queda redactado como segue:

«Artigo 61. *Incorporación de gas natural ao sistema.*

1. Poderán incorporar gas natural no sistema:

- a) Os comercializadores.
- b) Os consumidores directos en mercado.
- c) Os transportistas para o nivel mínimo de enchedura de tanques de GNL, gasodutos de transporte, almacenamentos e redes de distribución, e para calquera outra función que regulamentariamente se estableza que non teña como finalidade última a subministración.

d) O xestor técnico do sistema para calquera función que regulamentariamente se estableza que non teña como finalidade última a subministración.

2. Os suxeitos autorizados para adquirir gas natural terán dereito de acceso ás instalacións de regasificación, almacenamento, transporte e distribución nos termos que regulamentariamente se establezan.

No caso do acceso a instalacións de regasificación, almacenamento básico, transporte e distribución o acceso será regulado.

No caso dos almacenamentos non básicos o acceso será negociado e estableceranse regulamentariamente os criterios para o acceso ás instalacións que serán transparentes, obxectivos e non discriminatorios. Estas instalacións quedarán excluídas do réxime retributivo do sistema de gas natural.

3. Os consumidores directos en mercado deberán estar inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado de combustibles gasosos por canalización, creado no artigo 83 desta lei.

4. Ningún suxeito ou suxeitos pertencentes a un mesmo grupo de empresas de acordo co artigo 42 do Código de comercio que actúen no sector de gas natural poderán achegar no seu conxunto gas natural para o seu consumo en España nunha contía superior ao 70% do consumo nacional.

Para os efectos do cálculo da porcentaxe a que se refire o parágrafo anterior non se considerarán os autoconsumos que se poidan realizar.

5. O Goberno, mediante real decreto, poderá variar as porcentaxes establecidas no punto anterior, en función da evolución e da estrutura empresarial do sector.»

Doce. O artigo 62 que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As entidades que desenvolvan algunha ou algunhas das actividades, a que se refire o artigo 58, coa excepción dos consumidores, desta lei, levarán a súa contabilidade de acordo co capítulo VII da Lei de sociedades anónimas, aínda cando non tivesen tal carácter.

O Goberno regulará as adaptacións que fosen necesarias para o suposto de que o titular da actividade non sexa unha sociedade anónima.

En calquera caso, as empresas deberán ter na súa sede central, á disposición do público, unha copia das súas contas anuais.

2. Sen prexuízo da aplicación das normas xerais de contabilidade, ás empresas que realicen actividades a que se refire o artigo 58 desta lei ou ás sociedades que exerzan control sobre estas, o Goberno poderá establecer para elas as especialidades contables e de publicación de contas que se consideren axeitadas, de tal forma que se reflectan con nitidez os ingresos e gastos de actividades gasistas e as transaccións realizadas entre sociedades do mesmo grupo, co obxecto de evitar discriminacións, subvencións entre actividades distintas e distorsións de competencia.

No caso das sociedades que teñan por obxecto a realización de actividades reguladas, de acordo co artigo 60.1 desta lei, levarán na súa contabilidade contas separadas para cada unha delas que diferencien entre os ingresos e os gastos estritamente imputables a cada unha das devanditas actividades.

O xestor técnico do sistema gasista, así como as empresas que realicen a subministración de último recurso, deberán levar contas separadas que recollan os gastos e ingresos estritamente imputables ás devanditas actividades.

As sociedades que realicen actividades gasistas non reguladas levarán contas separadas da actividade de produción, de comercialización, daqueloutras actividades non gasistas que realicen no territorio español e de todas aquelas que realicen no exterior.

3. As entidades deberán explicar na memoria das contas anuais os criterios aplicados na repartición de custos respecto ás outras entidades do grupo que realicen actividades gasistas diferentes. Ademais, deberán informar na memoria sobre os criterios de asignación e imputación dos activos, pasivos, gastos e ingresos, así como das regras de amortización aplicadas.

Estes criterios deberanse manter e non se modificarán, salvo circunstancias excepcionais. As modificacións e a súa xustificación deberán ser explicadas na memoria das contas anuais do exercicio en que teñan lugar.

Incluírase tamén, na memoria das contas anuais, información sobre as operacións realizadas coas empresas do seu mesmo grupo empresarial, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

4. As entidades que actúen no sistema gasista deberánlle proporcionar á Administración competente a información que lles sexa requirida, en especial en relación cos contratos de abastecemento e subministración de gas que subscribisen e coas súas contas anuais que se deberán auditar de conformidade co disposto na Lei de auditoría de contas e as disposicións que a desenvolven.

Cando estas entidades formen parte dun mesmo grupo empresarial, a obriga de información estenderase, así mesmo, á sociedade que exerza o control da que realiza actividades gasistas sempre que actúe nalgún sector enerxético e a aquelas outras sociedades do grupo que leven a cabo operacións coa que realiza actividades no sistema gasista.

Tamén lle deberán proporcionar á Administración competente todo tipo de información sobre as súas actividades, investimentos, calidade de subministración, medida segundo os estándares indicados pola Administración, mercados servidos e previstos co máximo detalle, prezos soportados e repercutidos, así como, calquera outra información que a Administración competente considere oportuna para o exercicio das súas funcións.

5. As entidades proporcionarán na súa memoria das contas anuais información sobre as actividades realizadas en materia de aforro e eficiencia enerxética e de protección do ambiente.»

Trece. O artigo 63 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 63. *Separación de actividades.*

1. As sociedades mercantís que desenvolvan algunha ou algunhas das actividades reguladas de regasificación, almacenamento básico, transporte e distribución a que se refire o artigo 60.1 desta lei deben ter como obxecto social exclusivo o seu desenvolvemento sen que poidan, polo tanto, realizar actividades de produción ou comercialización nin tomar participacións en empresas que realicen estas actividades.

2. Os transportistas que operen algunha instalación comprendida na rede básica de gas natural, definida no punto 2 do artigo 59 deberán ter como único obxecto social no sector gasista a actividade de transporte definida na alínea a) do artigo 58, podendo incluír entre os seus activos gasodutos da rede secundaria de transporte, debendo levar na súa contabilidade interna contas separadas das actividades de regasificación, almacenamento e transporte.

3. Non obstante, un grupo de sociedades poderá desenvolver actividades incompatibles de acordo coa lei, sempre que sexan exercidas por sociedades diferentes, e se cumpran os seguintes criterios de independencia:

a) As persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades reguladas non poderán participar en estruturas organizativas do grupo empresarial que sexan responsables, directa ou indirectamente, da xestión cotiá de actividades de produción ou comercialización.

b) Os grupos de sociedades garantirán a independencia das persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades reguladas mediante a protección dos seus intereses profesionais. En particular, establecerán garantías no que concirne á súa retribución e ao seu cesamento.

As sociedades que realicen actividades reguladas e as persoas responsables da súa xestión que se determine non poderán posuír accións de sociedades que realicen actividades de produción ou comercialización.

Ademais, as sociedades que realicen actividades reguladas así como os seus traballadores non poderán compartir información comercialmente sensible coas empresas do grupo de sociedades a que pertencen no caso de que estas realicen actividades liberalizadas.

c) As sociedades que realicen actividades reguladas terán capacidade de decisión efectiva, independente do grupo de sociedades, con respecto a activos necesarios para explotar, manter ou desenvolver as instalacións de regasificación de gas natural licuado, e de transporte, almacenamento e distribución de gas natural.

Non obstante, o grupo de sociedades terá dereito á supervisión económica e da xestión das referidas sociedades, e poderán someter a aprobación o plan financeiro anual, ou instrumento equivalente, así como establecer límites globais ao seu nivel de endebedamento.

En ningún caso poderá o grupo empresarial darlles instrucións ás sociedades que realicen actividades reguladas respecto da xestión cotiá, nin respecto de decisións particulares referentes á construción ou mellora de activos de regasificación de gas natural licuado, e de transporte, almacenamento, e distribución de gas natural, sempre que non se supere o establecido no plan financeiro anual ou instrumento equivalente.

d) As sociedades que realicen actividades reguladas establecerán un código de conduta no cal se expoñan as medidas adoptadas para garantir o cumprimento do estipulado nas alíneas a), b) e c) anteriores.

O devandito código de conduta establecerá obrigas específicas dos empregados, e o seu cumprimento será obxecto da axeitada supervisión e avaliación pola sociedade.

Anualmente, presentarase un informe ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e á Comisión Nacional de Enerxía, que será publicado, indicando as medidas adoptadas para o cumprimento do estipulado nas alíneas a), b), e c) anteriores.

4. Sen prexuízo do establecido no punto 1, calquera adquisición de participacións accionariais por parte daquelas sociedades mercantís que desenvolvan actividades reguladas exixirá a obtención da autorización previa a que se refire a disposición adicional décimo primeira, terceiro 1, desta lei.»

Catorce. Modifícanse os puntos 1 e 3 do artigo 64 que queda redactado como segue:

«1. O xestor técnico do sistema será responsable da operación e da xestión técnica da rede básica e de transporte secundario, e garantizará a continuidade e seguranza da subministración de gas natural e a correcta coordinación entre os puntos de acceso, os almacenamentos, o transporte e a distribución.

O xestor do sistema exercerá as súas funcións en coordinación cos distintos suxeitos que operan ou fan uso do sistema gasista baixo os principios de transparencia, obxectividade e independencia.

2. As actividades de xestión técnica que realice o xestor do sistema serán retribuídas axeitadamente conforme o disposto no capítulo VII deste título.

3. Serán funcións do xestor técnico do sistema as seguintes:

a) Xestionar todas as instalacións da rede básica do sistema gasista e de transporte secundario.

b) Determinar e controlar o nivel de garantía de abastecemento de gas natural do sistema a curto e medio prazo.

c) Prever a curto e medio prazo a utilización de instalacións do sistema, así como das reservas de gas natural, de acordo coa previsión da demanda.

d) Impartir as instrucións necesarias para a correcta explotación do sistema de gas natural e o seu transporte de acordo cos criterios de fiabilidade e seguraza que se establezan. Así mesmo, impartir as instrucións precisas aos transportistas para axustar os niveis de emisión de gas natural á demanda do sistema gasista.

e) Coordinar e modificar, de ser o caso, os plans de mantemento de instalacións de forma que se asegure o seu funcionamento e dispoñibilidade para garantir a seguraza do sistema.

f) Establecer e controlar as medidas de fiabilidade do sistema de gas natural, así como os plans de actuación para a reposición do servizo en caso de fallos xerais na subministración de gas natural, e coordinar e controlar a súa execución.

g) Impartir as instrucións de operación ás instalacións de transporte, incluídas as interconexións internacionais.

h) Desenvolver aquelas outras actividades relacionadas coas anteriores que sexan convenientes para o funcionamento do sistema, así como calquera outra función que lle sexa atribuída polas disposicións vixentes.

i) Proponerlle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o desenvolvemento da rede básica de gas natural e a ampliación e/ou extensión dos almacenamentos.

j) Proponerlle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio os plans de emerxencia que considere necesarios, detallando as existencias dispoñibles, a súa situación e período de reposición destas, así como as súas revisións anuais. Os devanditos plans e as súas revisións anuais serán obxecto de aprobación ou modificación pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

k) Dar as ordes oportunas para que as empresas titulares das redes de instalacións da rede básica e de transporte secundario fagan funcionar as súas instalacións de tal forma que se asegure a entrega de gas nas condicións adecuadas nos puntos de saída do sistema.

l) Para realizar e controlar a súa actuación, o xestor do sistema levará a cabo os programas de entregas que regulamentariamente se determinen.

m) Xestionar as entradas e saídas de gas natural no sistema gasista a través dos gasodutos, das plantas de recepción, almacenamento e regasificación, dos almacenamentos subterráneos e os xacigos naturais.

n) (Suprimida)

o) Efectuar o cálculo e aplicación do balance diario de cada suxeito que utilice a rede gasista e as existencias operativas e estratéxicas deste.

p) Executar, no ámbito das súas funcións, aquelas decisións que sexan adoptadas polo Goberno en execución do previsto nesta lei.

q) Colaborar co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio na avaliación e seguimento dos plans de investimento anuais e plurianuais presentados polos titulares das empresas de instalacións de transporte de gas natural.

4. O xestor técnico do sistema terá un representante no Consello Consultivo de Hidrocarburos da Comisión Nacional de Enerxía e na súa Comisión Permanente.

Quince. Modifícase o título e a redacción do artigo 66 que queda como segue:

«Artigo 66. *A rede de transporte de combustibles gasosos.*

1. A rede de transporte primario está constituída polos gasodutos de presión máxima de deseño igual ou superior a 60 bares.

2. A rede de transporte secundario de gas natural está constituída polos gasodutos de presión máxima de deseño inferior a 60 bares e superior a 16 bares.

3. Así mesmo, considéranse elementos constitutivos da rede de transporte as estacións de compresión e de regulación e medida e todos aqueles activos de comunicacións, proteccións, control, servizos auxiliares, terreos, edificacións e demais elementos auxiliares, necesarios para o axeitado funcionamento das instalacións específicas da rede de transporte antes definida.

4. Os transportistas serán responsables do desenvolvemento e ampliación da rede de transporte definida neste artigo, de tal maneira que garanta o mantemento e mellora dunha rede configurada baixo criterios homoxéneos e coherentes, todo iso sen prexuízo do cumprimento do establecido no artigo 4 desta lei en materia de planificación de instalacións.

5. Estableceranse cantas normas técnicas sexan precisas para garantir a fiabilidade da subministración de gas e das instalacións da rede de transporte e das conectadas a ela. Estas normas tenderán a garantir a protección e seguraza das persoas e os seus bens, a calidade e fiabilidade no seu funcionamento, a unificación das condicións das subministracións, a prestación dun bo servizo e serán obxectivas e non discriminatorias.»

Dezaseis. Modifícase o segundo parágrafo do punto 1 do artigo 67 que queda redactado como segue:

«A transmisión destas instalacións deberá ser autorizada pola Administración competente.»

Dezasete. Modifícanse as alíneas a) e b) do artigo 68 que quedan redactadas como segue:

«a) Realizar as súas actividades na forma autorizada e conforme as disposicións aplicables, presentando o servizo de forma regular e continua, cos niveis de calidade que se determinen e mantendo as instalacións nas axeitadas condicións de conservación e idoneidade técnica, seguindo as instrucións impartidas polo xestor técnico do sistema e, de ser o caso, pola Administración competente.

b) Presentarlle ao secretario xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, antes do 15 de outubro de cada ano, os plans de investimento anuais e plurianuais para a súa aprobación.

Se no prazo dun mes desde a presentación dos plans de investimento non hai pronunciamento expreso do secretario xeral de Enerxía, estes consideraranse aprobados.

Nos plans de investimentos anuais figurarán, como mínimo, os datos dos proxectos previstos para o ano seguinte, as súas principais características técnicas, o orzamento e o calendario de execución.»

Dezaioito. Modifícase o artigo 69 que queda redactado como segue:

«Os titulares de instalacións de regasificación, transporte e almacenamento terán os seguintes dereitos:

a) O recoñecemento por parte da Administración dunha retribución polo exercicio das súas acti-

vidades dentro do sistema gasista nos termos establecidos no capítulo VII deste título desta lei.

b) Exixir que as instalacións conectadas ás da súa propiedade reúnan as condicións técnicas establecidas e sexan usadas en forma axeitada.

c) Exixir as garantías que determine a Administración para o cobramento de peaxes e canons.»

Dezanove. O artigo 70 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 70. *Acceso ás instalacións de transporte.*

1. Os titulares das instalacións deberanlles permitir a utilización destas aos consumidores directos en mercado e aos comercializadores que cumpran as condicións exixidas, mediante a contratación separada ou conxunta dos servizos de transporte, regasificación e almacenamento, sobre a base de principios de non-discriminación, transparencia e obxectividade. O prezo polo uso das redes de transporte virá determinado polas peaxes regulamentariamente aprobadas.

2. Regulamentariamente regularanse as condicións de acceso de terceiros ás instalacións, as obrigas e dereitos dos titulares das instalacións relacionadas co acceso de terceiros, así como as dos consumidores directos en mercado e comercializadores. Así mesmo, definirase o contido mínimo dos contratos e, de ser o caso, regularanse as condicións de funcionamento do mercado secundario de capacidade.

3. Poderase denegar o acceso á rede en caso de insuficiente capacidade ou cando o acceso á rede impidise cumprir as obrigas de subministración que se impuxesen ou debido a dificultades económicas e financeiras graves que puidesen derivar da execución dos contratos de compra obrigatoria, nas condicións e co procedemento que regulamentariamente se estableza seguindo os criterios da lexislación uniforme comunitaria que se dispoñan.

4. Poderase, así mesmo, logo de conformidade de Comisión Nacional de Enerxía, denegar o acceso á rede, cando a empresa subministradora de gas, directamente ou por medio de acordos con outras empresas subministradoras, ou aquelas ás cales calquera delas estea vinculada, radique nun país en que non estean recoñecidos dereitos análogos e se considere que poida resultar unha alteración do principio de reciprocidade para as empresas ás cales se require o acceso, iso sen prexuízo dos criterios a seguir respecto de empresas de Estados membros da Unión Europea conforme a lexislación uniforme na materia que esta estableza.

5. Con carácter excepcional, poderanse exceptuar da obriga de acceso de terceiros determinadas instalacións novas ou que supoñan aumentos significativos de capacidade de infraestruturas existentes, que polas súas características singulares así o requiran.

No caso de conexións internacionais con instalacións de países terceiros, que non formen parte da Unión Europea, a citada excepción farase constar na planificación en materia de hidrocarburos elaborada polo Goberno de acordo co establecido no artigo 4.

A citada excepción suporá a non-inclusión da instalación no réxime retributivo do sector de gas natural.

Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de autorización desta exención de acordo coa normativa comunitaria.

6. Os consumos que se subministren exclusivamente a través de acometidas ou liñas directas conectadas a instalacións de acceso ao sistema aco-

llidas ao disposto no punto 5 deste artigo deberán cumprir as obrigas impostas nesta lei, e en particular as derivadas do artigo 98, con instalacións non incluídas na rede básica.»

Vinte. Modifícanse o punto 2 e o punto 7 do artigo 73 sendo a nova redacción destes puntos a seguinte:

«2. Estarán suxeitas a autorización administrativa previa, nos termos establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, a construción, modificación, explotación e peche das instalacións de distribución de gas natural con independencia do seu destino ou uso.

A transmisión destas instalacións deberá ser autorizada pola Administración competente.

A autorización administrativa de peche dunha instalación poderalle impoñer ao seu titular a obriga de proceder ao seu desmantelamento.»

«7. As autorizacións de construción e explotación de instalacións de distribución deberán ser outorgadas preferentemente á empresa distribuidora da zona. En caso de non existir distribuidor na zona, atenderase aos principios de monopolio natural do transporte e a distribución, rede única e de realización ao menor custo para o sistema gasista.»

Vinte e un. Modifícase o artigo 74 que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Serán obrigas dos distribuidores de gas natural:

a) Realizar as súas actividades na forma autorizada e conforme as disposicións aplicables, garantindo os niveis de calidade que se establezan regulamentariamente.

b) Cumprir as instrucións que dite o xestor técnico do sistema e, de ser o caso, a Administración competente en relación co acceso de terceiros ás súas redes de distribución.

c) Manter as instalacións nas axeitadas condicións de conservación e idoneidade técnica.

d) Proceder á ampliación das instalacións de distribución e facilitar as conexións, no ámbito xeográfico da súa autorización, en condicións de igualdade, cando así sexa necesario para atender novas demandas de subministración de gas, sen prexuízo do que resulte da aplicación do réxime que regulamentariamente se estableza para as acometidas.

Cando existan varios distribuidores cuxas instalacións sexan susceptibles de ampliación para atender novas subministracións e ningún deles decidise acometela, a Administración competente determinará cal destes distribuidores a deberá realizar, atendendo ás súas condicións.

e) Facilitar o uso das súas instalacións e efectuar os contratos de acceso a terceiros á rede de gas natural nas condicións que se determinen regulamentariamente.

f) Proporcionarlles ás empresas de transporte, almacenamento, comercialización de gas natural e ao xestor técnico do sistema suficiente información para garantir que a subministración de gas se poida producir de forma compatible co funcionamento seguro e eficaz do sistema.

g) Comunicarlle á Administración competente que outorgase as autorizacións de instalacións, e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as modificacións relevantes da súa actividade, para os efectos de determinación das peaxes e a fixación do seu réxime de retribución.

h) Comunicarlle á Administración competente e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a información que se determine relacionada coa acti-

vidade que desenvolvan dentro do sector gasista. Así mesmo, deberanlle comunicar a cada comunidade autónoma toda a información que lles sexa requirida por esta, relativa ao seu ámbito territorial.

i) Estar inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores, e Consumidores Directos en Mercado de combustibles gasosos por canalización a que se refire este título.

j) Realizar as acometidas e o enganche de novos usuarios de acordo co que regulamentariamente se estableza.

k) Proceder á medición das subministracións na forma que regulamentariamente se determine, preservándose, en todo caso, a súa exactitude e a accesibilidade aos correspondentes aparellos facilitando o control das Administracións competentes.

l) Subministrarlle á Oficina de Cambios de Subministrador a información que se determine regulamentariamente.

m) Aplicar as medidas que se establezan en relación á protección de consumidores que teñan a consideración de esenciais.

n) Manter un sistema operativo que asegure a atención permanente e a resolución das incidencias que, con carácter de urxencia, se poidan presentar nas redes de distribución e nas instalacións receptoras dos consumidores conectados ás súas instalacións.

o) Realizar as probas previas á subministración que se definan regulamentariamente.

p) Realizar visitas de inspección ás instalacións receptoras existentes, coa periodicidade e nas condicións definidas regulamentariamente.

q) Poñer en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración.

r) Procurar un uso racional da enerxía.

s) Presentarlle ao órgano competente da comunidade autónoma en que desenvolvan a súa actividade, antes do 15 de outubro de cada ano, os plans de investimento anuais e plurianuais.

Nos plans de investimento anuais figurarán, como mínimo, os datos dos proxectos previstos para o ano seguinte, as súas principais características técnicas, o orzamento e o calendario de execución.

2. Sen prexuízo da responsabilidade que deriva das obrigas que lles corresponden aos distribuidores de conformidade co previsto neste artigo, os titulares de instalacións receptoras de gas natural ou instalacións para consumo serán responsables do seu correcto uso, modificación, mantemento e inspección periódica nas condicións técnicas e de seguranza que resulten exixibles.»

Vinte e dous. Modifícase o artigo 75 que queda redactado como segue:

«Os titulares de instalacións de distribución terán os seguintes dereitos:

a) O recoñecemento por parte da Administración e a percepción dunha retribución polo exercicio das súas actividades dentro do sistema gasista nos termos establecidos no capítulo VII deste título.

b) Exixir que as instalacións conectadas ás da súa propiedade reúnan as condicións técnicas establecidas e sexan utilizadas en forma axeitada.

c) Exixir que as instalacións, aparellos receptores e equipamentos de medida dos consumidores reúnan as condicións técnicas e de construción que se determinen, así como o bo uso destas e o cumprimento das condicións establecidas para que a subministración se produza sen deterioración ou degradación da súa calidade para outros consumidores.

d) Promover a construción de instalacións receptoras comúns, co fin de estender a submis-

tración de gas natural, de acordo coas condicións que regulamentariamente se determinen.

e) Facturar e cobrar dos comercializadores e consumidores directos en mercado as peaxes de acceso nos prazos establecidos pola lexislación. Ademais, poderán facturar e cobrar outros servizos asociados á subministración nas condicións que se establezan regulamentariamente.

f) Solicitar a verificación do bo funcionamento dos equipamentos de medición de subministracións.

g) Recibir a información da Oficina de Cambios de Subministrador que se determine regulamentariamente relativa aos cambios de subministración.

h) Exixir as garantías que se determinen polas peaxes de acceso ás súas instalacións.»

Vinte e tres. Modifícanse os puntos 1 e 3 do artigo 76 que quedan redactados como segue:

«1. Os titulares das instalacións de distribución deberanlles permitir a súa utilización aos consumidores directos en mercado, e aos comercializadores que cumpran as condicións exixidas, sobre a base de principios de non-discriminación, transparencia e obxectividade. O prezo polo uso de redes de distribución virá determinado polas peaxes administrativamente aprobadas.»

«3. Regulamentariamente regularanse as condicións do acceso de terceiros ás instalacións, as obrigas e dereitos dos titulares das instalacións relacionadas co acceso de terceiros, así como dos consumidores directos en mercado, e comercializadores. Así mesmo, definiranse os criterios dos contratos de acceso ás devanditas instalacións.»

Vinte e catro. Engádesse un novo punto 4 ao artigo 78 coa seguinte redacción:

«4. Os consumos que se alimenten mediante unha liña directa ou acometida desde unha planta de regasificación da rede básica cumprarán as obrigas establecidas nesta lei, e en particular as derivadas do artigo 98, con infraestruturas que non se atopen incluídas na rede básica.»

Vinte e cinco. Modifícase o título do capítulo VI do título IV, cuxa nova denominación será «Capítulo VI. Comercialización de combustibles gasosos».

Vinte e seis. Modifícase o título e a redacción do artigo 79 que pasan a ser as seguintes:

«Artigo 79. *Comercialización.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 60, regulamentariamente regularanse os seguintes aspectos en relación á comercialización do gas natural:

a) As modalidades e condicións de subministración aos consumidores así como os procedementos de denegación, suspensión ou privación deste.

b) O procedemento de medición do consumo mediante a instalación de aparellos de medida e a verificación destes.

c) O procedemento e condicións de facturación e cobramento das subministracións e servizos efectuados.

d) As medidas de protección do consumidor que se deben recoller nas condicións contractuais para a subministración daqueles consumidores que polo seu volume de consumo ou condicións de subministración requiran un tratamento contractual específico.

e) Procedementos de cambio de comercializador.

f) Procedemento de resolución das reclamacións.

2. Sen prexuízo das competencias que lles correspondan ás comunidades autónomas e sen

prexuízo do establecemento polos comercializadores de sistemas propios de tramitación de reclamacións que se axusten ao disposto na Recomendación 98/257/CE da Comisión, do 30 de marzo de 1998, relativa aos principios aplicables aos órganos responsables da solución extraxudicial dos litixios en materia de consumo, preverase regulamentariamente a posibilidade de acudir ao Sistema Arbitral de Consumo para a resolución de tales reclamacións.»

Vinte e sete. Modifícase o artigo 80 que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 80. *Comercializadores de gas natural.*

Aquelas persoas que queiran actuar como comercializadoras deberán contar con autorización administrativa previa, que terá carácter regulado e será outorgada pola Administración competente, atendendo ao cumprimento dos requisitos que se establezan regulamentariamente, entre os que se incluírán, en todo caso, a suficiente capacidade legal, técnica e económica do solicitante. A solicitude de autorización administrativa para actuar como comercializador especificará o ámbito territorial no cal se pretenda desenvolver a actividade.

A autorización para exercer a actividade como empresa comercializadora de gas natural poderá ser denegada ou condicionada, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, nos casos en que a empresa solicitante ou a sociedade dominante do grupo a que aquela pertenza teña a nacionalidade dun país non membro da Unión Europea no cal non estean recoñecidos dereitos análogos e se considere que poida resultar unha alteración do principio de reciprocidade para as empresas que operan no mercado nacional. Entenderase por sociedade dominante e grupo de sociedades os que para estes efectos estableza o artigo 4 da Lei 24/1998, do 28 de xullo, do mercado de valores.

En ningún caso a autorización se entenderá concedida en réxime de monopolio, nin concederá dereitos exclusivos.»

Vinte e oito. Modifícase o título e a redacción do artigo 81 que queda redactado como segue:

«Artigo 81. *Dereitos e obrigas dos comercializadores.*

1. Os comercializadores terán os seguintes dereitos:

- a) Realizar adquisicións de gas nos termos establecidos no capítulo II deste título.
- b) Vender gas natural aos consumidores e a outros comercializadores autorizados en condicións libremente pactadas.
- c) Acceder ás instalacións de terceiros nos termos establecidos neste título.
- d) Recibir a medición das subministracións dos seus clientes.
- e) Exixir que os equipamentos de medida dos usuarios reúnan as condicións técnicas e de construción que se determinen, así como o bo uso destes.
- f) Facturar e cobrar as subministracións realizadas.
- g) Solicitar a verificación do bo funcionamento dos equipamentos de medición de subministracións.
- h) Subscribir cos seus clientes cláusulas de interrompibilidade nas condicións que regulamentariamente se determinen.
- i) Obter a información relativa aos cambios de subministrador e os datos dos consumidores da Ofi-

cina de Cambios de Subministrador que se determine regulamentariamente.

2. Os comercializadores terán as seguintes obrigas:

- a) Estar inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado, que para o efecto se establece nesta lei.
- b) Cumprir as obrigas de mantemento de existencias mínimas de seguranza e diversificación de subministracións establecidas no capítulo VIII.
- c) Coordinar a súa actividade co xestor técnico do sistema, os transportistas e os distribuidores.
- d) Adquirir o gas e subscribir os contratos de acceso necesarios para cumprir os compromisos contractuais cos seus clientes.
- e) Prestar as garantías que se determinen polas peaxes e canons de acceso contratados.
- f) Aboar nos prazos establecidos na lexislación as peaxes e canons de acceso ás instalacións gasistas que correspondan.
- g) Aboarlle ao distribuidor as cantidades recadadas por servizos asociados á subministración prestados polo distribuidor ao consumidor final naqueles casos que fosen establecidos regulamentariamente.
- h) Garantirlles a seguranza da subministración de gas natural aos seus clientes subscribindo contratos de regasificación de gas natural licuado, de transporte e distribución e de almacenamento que sexan precisos.
- i) Remitirlle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a información periódica que se determine en relación coa actividade que desenvolvan dentro do sector gasista. A devandita remisión de información incluírá, entre outras, as cantidades vendidas e os prezos de venda aplicados na forma e no prazo que se establezan. Así mesmo, remitirlles ás comunidades autónomas a información que especificamente lles sexa reclamada relativa ao seu ámbito territorial.
- j) Facilitarlles aos seus clientes a información e asesoramento que puidesen solicitar en relación coa subministración de gas.
- k) Subministrarlle á Oficina de Cambios de Subministrador a información que regulamentariamente se determine.
- l) Poñer en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración.
- m) Procurar un uso racional da enerxía.

3. Os consumidores directos en mercado terán os mesmos dereitos e obrigas que os comercializadores en todo aquilo que lles sexa de aplicación».

Vinte e nove. Modifícase o título e contido do artigo 82 nos seguintes termos:

«Artigo 82. *Subministradores de último recurso.*

O Goberno determinará que comercializadores asumirán a obriga de subministradores de último recurso.

Ademais dos dereitos e obrigas establecidas para os comercializadores no artigo 81, os comercializadores de gas que fosen designados como subministradores de último recurso deberán atender as solicitudes de subministración de gas natural, daqueles consumidores que se determinen, a un prezo máximo establecido polo ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos, que terá a consideración de tarifa de último recurso.»

Trinta. O título e o contido do artigo 83 serán os seguintes:

«Artigo 83. *Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado.*

Créase no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o Rexistro Administrativo de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado de combustibles gasosos por canalización. Regulamentariamente, logo de informe das comunidades autónomas, establecerase a súa organización, así como os procedementos de inscrición e comunicación de datos a este rexistro.

As comunidades autónomas con competencias na materia poderán crear e xestionar os correspondentes rexistros territoriais.»

Trinta e un. Engádese un novo artigo 83 bis nos seguintes termos:

«Artigo 83 bis. *Oficina de Cambios de Subministrador.*

1. A Oficina de Cambios de Subministrador será responsable da supervisión dos cambios de subministrador conforme os principios de transparencia, obxectividade e independencia, nos termos que regulamentariamente se establezan.

O Goberno poderalle encomendar á Oficina de Cambios de Subministrador funcións de xestión directa dos cambios de subministrador nas condicións que regulamentariamente se determinen.

2. A Oficina de Cambios de Subministrador será unha sociedade mercantil con obxecto social exclusivo, que realizará as súas funcións simultaneamente nos sectores do gas natural e da electricidade.

No seu capital deberán participar os distribuidores e comercializadores de gas natural e de electricidade coas seguintes porcentaxes de participación:

Distribuidores de enerxía eléctrica: 15 %.
Distribuidores de gas natural: 15 %.
Comercializadores de enerxía eléctrica: 35 %.
Comercializadores de gas natural: 35 %.

Dentro da cota de cada grupo de suxeitos, a participación correspondente a cada empresa realízase en función da enerxía circulada a través das súas instalacións, no caso dos distribuidores e da enerxía vendida no caso dos comercializadores, non podendo resultar unha participación superior ao 20% por grupo de sociedades e adecuándose a participación das empresas polo menos cada dous anos.

No caso de que, segundo a enerxía circulada e vendida por un grupo de sociedades, a participación superase unha cota do 20%, o exceso repartirase entre os suxeitos restantes proporcionalmente ás cotas previas.

3. A Oficina de Cambios de Subministrador financiarase sobre a base das cotas dos seus socios.

4. Para o exercicio da súa actividade a Oficina de Cambios de Subministrador terá acceso ás bases de datos de consumidores e puntos de subministración de gas e de electricidade.

Regulamentariamente establecerase a información que os diferentes suxeitos deben subministrar á Oficina de Cambios de Subministrador.

5. A Oficina de Cambios de Subministrador remitiralles con carácter anual unha memoria de actividades ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, á Comisión Nacional de Enerxía e ás comunidades autónomas.»

Trinta e dous. Modifícase o título e a redacción do artigo 91 nos seguintes termos:

«Artigo 91. *Réxime económico das actividades incluídas na lei.*

1. As actividades destinadas á subministración de combustibles gasosos serán retribuídas economicamente na forma disposta nesta lei con cargo ás tarifas de último recurso, ás peaxes e canons que determine o Goberno, e aos prezos aboados.

2. Regulamentariamente establecerase o réxime económico dos dereitos por acometidas, aluguer de contadores e outros custos necesarios vinculados ás instalacións. Os dereitos que se pagarán polas acometidas serán establecidos polas comunidades autónomas en función do caudal máximo que se solicite e da situación da subministración, cos límites superior e inferior que o ministro de Industria, Turismo e Comercio determine. Os dereitos de acometida deberán establecerse de forma que aseguren a recuperación dos investimentos realizados. Os ingresos por este concepto consideraranse, para todos os efectos, retribución da actividade de distribución.

3. As comunidades autónomas, respecto aos distribuidores que desenvolvan a súa actividade no seu ámbito territorial, establecerán o réxime económico dos dereitos de alta, así como os demais custos derivados de servizos necesarios para atender os requirimentos de subministracións dos usuarios.»

Trinta e tres. Modifícase o título e a redacción do artigo 92 nos seguintes termos:

«Artigo 92. *Criterios para determinación de peaxes e canons.*

1. As peaxes e canons deberán establecerse de forma que a súa determinación responda no seu conxunto aos seguintes principios:

a) Asegurar a recuperación dos investimentos realizados polos titulares no período de vida útil destes.

b) Permitir unha razoable rendibilidade dos recursos financeiros investidos.

c) Determinar o sistema de retribución dos custos de explotación de forma que se incentive unha xestión eficaz e unha mellora da produtividade que se deberá repercutir en parte aos usuarios e consumidores.

2. O sistema para a determinación das peaxes e canons fixarase para períodos de catro anos, procedendo no último ano de vixencia a unha revisión e adecuación, se é o caso, á situación prevista para o próximo período.

3. As empresas que realicen as actividades reguladas neste título facilitaranlle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio canta información sexa necesaria para a determinación das peaxes e canons. Esta información estará tamén á disposición das comunidades autónomas que o soliciten, no relativo ao seu ámbito territorial.

4. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo de Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para o establecemento das peaxes e canons dos servizos básicos de acceso por terceiros, establecendo os valores concretos das devanditas peaxes ou un sistema de determinación e actualización automática destes.

5. As peaxes e canons terán en conta os custos incorridos polo uso da rede de maneira que se opti-

mice o uso das infraestruturas e poderanse diferenciar por niveis de presión, características do consumo e duración dos contratos. En particular, no caso das subministracións realizadas desde unha rede de distribución alimentada desde unha planta satélite de GNL, teranse en conta os custos incorridos polo uso da rede das devanditas subministracións.

6. As empresas comercializadoras deberán desagregar nas súas facturas aos consumidores finais a contía correspondente ás peaxes e canons.»

Trinta e catro. Modifícase o título e o contido do artigo 93 que queda como segue:

«Artigo 93. *Tarifa de último recurso.*

1. A tarifa de último recurso será o prezo máximo que lles poderán cobrar os comercializadores que, de acordo co previsto no artigo 82 desta lei, fosen designados como subministradores de último recurso, aos consumidores que, de acordo coa normativa vixente para esta tarifa, teñan dereito a se acoller a ela.

2. A tarifa de último recurso será única en todo o territorio español sen prexuízo das súas especialidades por niveis de presión e volume de consumo.

Malia o anterior, os consumidores aos cales no momento da entrada en vigor da Orde ECO/302/2002, do 15 de febreiro, pola que se establecen as tarifas de gas natural e gases manufacturados por canalización e aluguer de contadores se lles viña aplicando a tarifa industrial firme e estean conectados a gasodutos a presión inferior ou igual a 4 bares cun consumo anual superior a 200.000 kWh/ano, poderán solicitar ao seu distribuidor a conexión a presións superiores a 4 bares. En caso de que esta solicitude non puidese ser atendida, por non dispoñer o distribuidor de redes á devandita presión próximas ás instalacións do consumidor, aplicaráselle ao devandito consumidor a tarifa de último recurso correspondente a consumidores co seu mesmo consumo conectados a gasodutos a presión maior de 4 bares e menor ou igual a 60 bares.

O consumidor terá a obriga de realizar a acometida correspondente e conectarse a gasodutos a presión superior a 4 bares no momento en que o distribuidor dispoña de redes próximas ás instalacións do consumidor para iso.

3. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para o establecemento da tarifa de último recurso de gas natural ou un sistema de determinación e actualización automática desta.

4. O sistema de cálculo da citada tarifa incluirá de forma aditiva o custo da materia prima, as peaxes de acceso que correspondan, os custos de comercialización e os custos derivados da seguranza de subministración.

Habilitase o ministro de Industria, Turismo e Comercio a establecer un mecanismo de poxa que permita fixar o custo da materia prima para o cálculo das tarifas de último recurso, logo de acordo de Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos.

5. As tarifas de último recurso fixaranse de forma que non ocasionen distorsións da competencia no mercado.»

Trinta e cinco. Modifícase o título e a redacción do artigo 94 que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 94. *Tarifas dos gases licuados do petróleo por canalización.*

O ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada de Goberno

para Asuntos Económicos, poderá ditar as disposicións necesarias para o establecemento das tarifas de venda dos gases licuados do petróleo por canalización para os consumidores finais, así como os prezos de cesión de gases licuados do petróleo para os distribuidores de gases combustibles por canalización, establecendo os valores concretos das devanditas tarifas e prezos ou un sistema de determinación e actualización automática destas, se así se require e nos termos que estableza o desenvolvemento regulamentario que regule o marco da actividade de subministración de gases licuados do petróleo.»

Trinta e seis. O artigo 95 queda redactado como segue:

«1. A tarifa de último recurso, as peaxes e canons e os prezos dos servizos asociados á subministración aprobados pola Administración para cada categoría de consumo non incluírán ningún tipo de imposto.

En caso de que as actividades gasistas fosen gravadas con tributos de carácter autonómico ou local, cuxa cota se obtivese mediante regras non uniformes para o conxunto do territorio español, ao prezo do gas resultante, ou ás peaxes, canons ou tarifa de último recurso, poderase incluír un suplemento territorial, que poderá ser diferente en cada comunidade autónoma.

2. Co fin de que exista a maior transparencia nos prezos da subministración de gas, os comercializadores desagregarán na facturación ao usuario, na forma que regulamentariamente se determine, polo menos os importes correspondentes aos prezos e os tributos que graven o consumo de gas, así como os suplementos territoriais cando correspondan.»

Trinta e sete. Modifícase o título e a redacción do artigo 96 nos seguintes termos:

«Artigo 96. *Cobramento e liquidación de peaxes e canons.*

As peaxes e canons polo uso da rede gasista serán cobrados polas empresas que realicen as actividades de transporte e distribución, debendo dar ás cantidades ingresadas a aplicación que proceda de acordo co previsto nesta lei.

Regulamentariamente establecerase o procedemento de repartición dos fondos ingresados polos transportistas e distribuidores, entre os que realicen as actividades incluídas no sistema gasista, atendendo á retribución que lles corresponda de conformidade con esta lei.»

Trinta e oito. Modifícase o artigo 98 que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 98. *Seguranza de subministración.*

1. Os comercializadores de gas natural estarán obrigados a dispoñer dunhas existencias mínimas de seguranza que virán expresadas en días equivalentes das súas vendas firmes en territorio español.

Os consumidores directos en mercado estarán obrigados a dispoñer dunhas existencias mínimas de seguranza polos seus consumos firmes na parte non subministrada por un comercializador.

2. Esta obriga poderá cumprirse o suxeito obrigado con gas da súa propiedade ou arrendando e contratando, se é o caso, os correspondentes servizos de almacenamento. O Goberno determinará en función das dispoñibilidades do sistema o número de días equivalentes de existencias mínimas de seguranza.

3. Regulamentariamente determinarase a parte de existencia mínimas de seguraza que terán carácter estratéxico e os suxeitos encargados da súa constitución, mantemento e xestión.»

Trinta e nove. Modifícase o artigo 99 que pasa a ter a seguinte redacción.

«1. Os comercializadores de gas natural deberán diversificar os seus aprovisionamentos cando na suma de todos eles a proporción dos provenientes dun mesmo país sexa superior ao 60%.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio desenvolverá regulamentariamente as condicións para o cumprimento desta obriga atendendo á situación do mercado e poderá modificar a porcentaxe a que se refire o parágrafo anterior, á alza ou á baixa, en función da evolución dos mercados internacionais de gas natural.

2. Nos termos que regulamentariamente se determinen, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderalles exixir similares obrigas de diversificación de aprovisionamento ás establecidas no punto anterior aos consumidores directos en mercados pola parte do seu consumo non adquirida a comercializadores cando, polo seu volume e orixe, poidan incidir negativamente no balance de abastecementos ao mercado español.

3. Estará eximido da obriga de diversificación o abastecemento do gas adquirido para atender o consumo de instalacións que contén con subministracións alternativas garantidas doutro combustible.»

Corenta. Modifícase o artigo 109 que queda redactado do seguinte xeito:

«1. Son infraccións moi graves:

a) A realización de actividades reguladas nesta lei ou a construción, ampliación, explotación, modificación, transmisión ou peche de instalacións afectas a estas sen a necesaria concesión ou autorización administrativa ou o incumprimento das súas prescricións e condicións cando se poñan en perigo manifesto as persoas, os bens ou o ambiente.

b) A utilización de instrumentos, aparellos ou elementos suxeitos a seguraza industrial sen cumprir as normas e as obrigas técnicas que por razóns de seguraza deban reunir os aparellos e instalacións afectos ás actividades obxecto desta lei cando comporten perigo ou dano grave para persoas, bens ou para o ambiente.

c) Calquera manipulación fraudulenta tendente a alterar o prezo ou a calidade dos produtos petrolíferos ou dos gases combustibles ou a medición das cantidades subministradas.

d) A negativa a admitir inspeccións ou verificacións regulamentarias ou acordadas en cada caso pola administración competente, incluídas a CNE, ou a obstrución á súa práctica.

e) A aplicación irregular de prezos, tarifas ou peaxes dos regulados nesta lei ou nas súas disposicións de desenvolvemento, de maneira que se produza unha alteración no prezo superior ao 15 % e sempre que esta supoña unha alteración superior a 300.000 euros.

f) O incumprimento reiterado das obrigas resultantes da aplicación do sistema tarifario ou dos criterios de recadación. Entenderanse como incumprimento das obrigas do sistema tarifario a falta ou atraso no pagamento das cantidades a que dean lugar as liquidacións das actividades reguladas ou no ingreso das cotas con destinos específicos, a declaración indebida de ingresos e custos e as declaracións efectuadas fóra do prazo establecido.

g) O incumprimento das instrucións impartidas pola Administración competente, incluída a CNE, ou polo xestor técnico do sistema no ámbito das súas funcións, cando resulte prexuízo relevante para o funcionamento do sistema.

h) A realización de actividades incompatibles, así como o incumprimento por parte dos suxeitos obrigados a iso da obriga de separación funcional e de levar contas separadas de acordo co disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

i) A toma de participacións en sociedades nos supostos considerados nesta lei, sen a previa autorización da CNE ou con incumprimento das condicións establecidas na resolución autorizatoria da CNE.

j) O incumprimento reiterado de cantas obrigas de remisión de información deriven da aplicación da normativa vixente ou resulten do previo requirimento por parte da administración incluída a CNE, ou do xestor técnico do sistema.

k) A negativa a subministrar gases por canalización a consumidores en réxime de tarifa conforme o título IV desta lei e as disposicións de desenvolvemento.

l) O incumprimento reiterado por parte dos suxeitos obrigados a iso, de conformidade coa normativa vixente, das condicións de calidade e continuidade do servizo.

m) O incumprimento das obrigas legal ou regulamentariamente establecidas sobre existencia mínimas de seguraza, conforme os títulos III e IV, cando supoñan unha alteración significativa do citado réxime de existencia mínimas.

n) O incumprimento das obrigas legal e regulamentariamente establecidas, conforme o título IV da lei, sobre diversificación de subministracións, cando supoña unha alteración significativa do citado réxime de diversificación.

o) As accións ou omisións que supoñan incumprimento das medidas establecidas polo Goberno en aplicación do previsto nesta lei sobre situacións de emerxencia ou escaseza de subministracións nos títulos III e IV polos que realizan actividades reguladas nesta lei e teñan incidencia apreciable na citada subministración.

p) A interrupción ou suspensión inxustificada da actividade que se veña realizando mediante concesión ou autorización administrativa, cando diso resulte prexuízo relevante para o funcionamento do sistema.

q) O incumprimento das obrigas de contabilidade exixibles de acordo con esta lei. Entenderase comprendida no devandito incumprimento a existencia na documentación contable de vicios ou irregularidades esenciais que impidan coñecer a situación patrimonial e financeira da entidade.

r) A denegación ou alteración inxustificada do acceso de terceiros a instalacións de rede nos supostos que esta lei e as súas normas de desenvolvemento regulan.

s) O incumprimento por parte dos titulares das instalacións da súa obriga de manter as instalacións en axeitadas condicións de conservación e idoneidade técnica, seguindo, de ser o caso, as instrucións impartidas pola administración competente, cando o devandito incumprimento poña en perigo manifesto as persoas, os bens ou o ambiente.

t) O incumprimento por parte do distribuidor da súa obriga de realizar visitas de inspección ás instalacións receptoras existentes coa periodicidade definida pola normativa vixente.

u) O incumprimento, por parte dos titulares de instalacións, de efectuar o cálculo do balance físico do gas que pasa polas súas instalacións na forma e

coa periodicidade que resulte necesaria para o axeitado funcionamento do sistema.

v) O incumprimento, por parte do xestor técnico do sistema, das obrigas establecidas no artigo 64, puntos 1 e 3, letras f), i), o) e p) desta lei.

w) O incumprimento das normas de xestión técnica do sistema, cando iso afecte a continuidade e seguraza da subministración de gas natural.

x) O incumprimento continuado, por parte dos titulares de instalacións, da súa obriga de xestionar a verificación dos seus equipamentos de medida, do volume e características do gas, e das instalacións de puntos de subministración conectadas ás súas redes, utilizando para iso os servizos dunha entidade acreditada para tal fin.

y) A interrupción ou suspensión da subministración sen que medien os requisitos legal ou regulamentariamente establecidos ou fóra dos supostos previstos.

z) O incumprimento das obrigas económicas en caso de desbalance derivadas da regulación establecida polas normas de xestión técnica do sistema.

z bis) O incumprimento das obrigas que se establezan relacionadas co logro dos obxectivos anuais de contido mínimo de biocombustibles e outros combustibles renovables.

2. Igualmente, serán infraccións moi graves as infraccións graves do artigo seguinte cando durante os tres anos anteriores á súa comisión lle fose imposta ao infractor sanción firme polo mesmo tipo de infracción».

Corenta e un. A redacción do artigo 110 é a seguinte:

«Son infraccións graves as condutas tipificadas no artigo anterior cando, polas circunstancias concurrentes, non se poidan cualificar de moi graves e en particular:

a) As condutas tipificadas nas letras a) e b) do artigo anterior cando non se poñan en perigo manifesto as persoas, os bens ou o ambiente.

b) A aplicación irregular de prezos, tarifas ou peaxes de maneira que se produza unha alteración no prezo inferior ao 15% e superior ao 5% e sempre que esta supoña unha alteración superior a 30.000 euros.

c) Calquera outra actuación na subministración ou consumo de gas que supoña unha alteración porcentual do subministrado ou consumido superior ao 10 por 100 e sempre que esta supoña unha alteración superior a 30.000 €.

d) O incumprimento das instrucións impartidas pola Administración competente, incluída a CNE, ou polo xestor técnico do sistema no ámbito das súas funcións, cando non resulte prexuízo relevante para o funcionamento do sistema.

e) O incumprimento das obrigas resultantes da aplicación do sistema tarifario ou dos criterios de recadación. Entenderanse como incumprimento das obrigas do sistema tarifario a falta ou o atraso no pagamento das cantidades a que dean lugar as liquidacións das actividades reguladas ou no ingreso das cotas con destinos específicos, a declaración indebida de ingresos e custos e as declaracións efectuadas fóra do prazo establecido.

f) O incumprimento de cantas obrigas de remisión de información deriven de aplicación da normativa vixente ou resulten do previo requirimento por parte da Administración, incluída a CNE ou do xestor técnico do sistema. Así mesmo, considerárase infracción grave o incumprimento por parte dos suxeitos do sistema das súas obrigas de infor-

mación ou comunicación a outros suxeitos do sistema. Tamén se considerará infracción grave a non remisión da información na forma e prazo que resulte exixible.

g) A negativa inxustificada a lles subministrar produtos petrolíferos ou gases combustibles aos consumidores e usuarios aos cales non lles sexan de aplicación tarifas ou prezos administrativamente aprobados.

h) A negativa inxustificada a lles subministrar produtos petrolíferos aos consumidores e usuarios aos cales lles sexan de aplicación tarifas ou prezos administrativamente aprobados.

i) O incumprimento reiterado por parte da empresa subministradora de aplicar os descontos correspondentes aos consumidores afectados por interrupcións nas condicións previstas na normativa de aplicación.

j) As accións ou omisións que supoñan incumprimento das medidas establecidas polo Goberno en aplicación do previsto nesta lei sobre situacións de emerxencia ou escaseza de subministración nos títulos III e IV polos que realizan actividades reguladas nesta lei e non teñan incidencia apreciable na citada subministración.

k) O incumprimento por parte dos suxeitos obrigados de conformidade co disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento da súa obriga de realizar auditorias externas nos supostos en que así veña exixido.

l) O incumprimento, por parte dos titulares das instalacións de regasificación, almacenamento e transporte, da obriga de publicar a capacidade das súas instalacións, ou a publicación destas sen cumprir as condicións establecidas.

m) O incumprimento, por parte dos transportistas, distribuidores, comercializadores ou, en xeral, dos titulares das instalacións, das obrigas establecidas nesta lei e na normativa de desenvolvemento cando, polas circunstancias concurrentes, non se atope tipificado como infracción moi grave ou leve.

n) O incumprimento, por parte do xestor técnico do sistema, das obrigas establecidas nesta lei e na normativa de desenvolvemento cando, polas circunstancias concurrentes, non poida ser considerado moi grave.

o) O incumprimento das normas de xestión técnica do sistema, cando iso non afecte a continuidade e seguraza da subministración de gas natural.

p) O incumprimento, por parte dos suxeitos con dereito de acceso, da súa obriga de lles comunicar aos titulares das instalacións con que subscriben os contratos de acceso e ao xestor técnico do sistema o seu programa de aprovisionamento e consumo na forma que se estableza, así como calquera incidencia que poida facer variar substancialmente as devanditas previsións.

q) O incumprimento, por parte dos consumidores, da súa obriga de dispoñer dos equipamentos de medida necesarios e permitir o acceso a estes por parte dos titulares ás instalacións a que estean conectados, e de xestionar a súa verificación periódica cando diso derive un prexuízo para o funcionamento do sistema gasista.

r) A comercialización de hidrocarburos líquidos baixo unha imaxe de marca que non se corresponda coa auténtica orixe e calidade destes.

s) O incumprimento de cantas obrigas formais se lles impoñan aos que realicen actividades de subministración ao público de produtos petrolíferos ou gases combustibles por canalización en garantía dos dereitos dos consumidores e usuarios.

t) O incumprimento das limitacións establecidas en canto á participación no conxunto de accionistas da Oficina Xestora de Cambios de Subministrador, sendo responsables as persoas físicas ou xurídicas que resulten titulares dos valores.»

Corenta e dous. Modifícase o artigo 111 que queda redactado como segue:

«Artigo 111. *Infraccións leves.*

Constitúen infraccións leves aquelas infraccións de preceptos de obrigada observancia comprendidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento que non constitúan infracción grave ou moi grave, conforme o disposto nos dous artigos anteriores.»

Corenta e tres. Modifícase a redacción do punto 1 do artigo 113 nos seguintes termos:

«1. As infraccións tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

- a) As infraccións moi graves, con multa de ata 30.000.000 €.
- b) As infraccións graves, con multa de ata 6.000.000 €.
- c) As infraccións leves, con multa de ata 600.000 €.»

Corenta e catro. Modifícase a redacción do artigo 115 nos seguintes termos:

«Artigo 115. *Procedemento sancionador.*

1. O procedemento para a imposición de sancións axustarase aos principios dos artigos 127 a 138 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ao disposto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora ou norma autonómica correspondente, sen prexuízo de que regulamentariamente se establezan especialidades de procedemento para a imposición de sancións previstas nesta lei.

2. O prazo máximo para resolver e notificar os expedientes sancionadores tramitados conforme o procedemento previsto será dun ano.

Para estes efectos, nos casos en que a competencia sexa da Administración xeral do Estado, o órgano instrutor do expediente sancionador deberalle remitir o expediente instruído e a proposta de sanción ao órgano competente para a súa resolución cun prazo de antelación mínimo de dous meses antes da finalización do prazo máximo para resolver e notificar os expedientes previstos no parágrafo anterior.»

Corenta e cinco. Modifícase o artigo 117 que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 117. *Prescrición.*

As infraccións moi graves previstas neste capítulo prescribirán aos tres anos da súa comisión, as graves aos dous anos, e as leves aos 18 meses.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves, aos dous anos e as impostas por faltas leves, ao ano.»

Corenta e seis. Modifícase a disposición adicional primeira de forma que pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira. *Canon de superficie.*

Os titulares de permisos de investigación e de concesións de explotación regulados no título II

estarán obrigados ao pagamento do canon de superficie.

a) O canon exixirase por hectárea e ano conforme as seguintes escalas:

Escala primeira	Euros
Permisos de investigación	
1. Durante o período de vixencia do permiso	0,076310
2. Durante cada prórroga	0,152620
Escala segunda	Euros
Concesións de explotación	
1. Durante os cinco primeiros anos .	1,907752
2. Durante os seguintes cinco anos	5,341706
3. Durante os seguintes cinco anos	14,117364
4. Durante os seguintes cinco anos	17,551318
5. Durante os seguintes cinco anos	14,117364
6. Durante os seguintes cinco anos	7,249458
7. Durante as prórrogas	5,341706

b) Os canons de superficie especificados anteriormente devengarase a favor do titular do dominio público, o día primeiro de xaneiro de cada ano natural, en canto a todos os permisos ou concesións existentes nesa data, debendo ser satisfeitos durante o primeiro trimestre deste.

c) Cando os permisos de investigación ou concesións de explotación se outorguen despois do primeiro de xaneiro, no ano do outorgamento aboarase como canon a parte das cotas anuais que proporcionalmente corresponda ao tempo que medie desde a data do outorgamento ata o final do ano natural. Nestes casos, o canon devengarase o día do outorgamento do permiso ou concesión e deberá ser satisfeito no prazo de noventa días, contados desde esta data.

d) O Goberno, logo de acordo de Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderá actualizar os valores dos canons establecidos nesta disposición adicional.»

Corenta e sete. Modifícase a disposición adicional décimo segunda que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo segunda. *Financiamento da Comisión Nacional de Enerxía.*

1. A Comisión Nacional de Enerxía asumirá as obrigas e a xestión daqueles expedientes que estivesen pendentes na Comisión Nacional do Sistema Eléctrico a que se refire a Lei 54/1997, do 27 de novembro, de sector eléctrico, así como a retribución que corresponde, de acordo con citada lei, á devandita comisión.

2. Para os efectos previstos nesta lei, o financiamento da Comisión Nacional de Enerxía integrarase, entre outros conceptos, polas seguintes taxas:

Primeiro. Taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector de hidrocarburos líquidos.

a) Feito imponible.—Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector dos hidrocarburos líquidos, de con-

formidade co establecido na disposición adicional décimo primeira desta lei e disposicións de desenvolvemento desta.

b) Base imponible.—A base imponible da taxa vén constituída polas vendas anuais de gasolinas, gasóleos, querosenos, fuel óleos e gases licuados do petróleo a granel e envasado expresadas en toneladas métricas (t), cuxa entrega se realízase en territorio nacional. Para estes efectos, non terán a consideración de vendas as realizadas entre operadores, nin as vendas realizadas polos operadores a que se refire o artigo 45 desta lei a distribuidores de gases licuados do petróleo por canalización a consumidores finais.

As vendas a que se refire o parágrafo anterior calcularanse anualmente, con base nas realizadas no ano natural anterior e aplicaranse a partir do 1 de xaneiro. Mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía determinaranse as vendas anuais que corresponden a cada operador e que servirán de base para o cálculo da cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía.

Mentres non se dite a resolución a que se refire o parágrafo anterior, a Comisión Nacional de Enerxía efectuará a liquidación prevista na letra f deste número conforme as vendas anuais establecidas para o exercicio inmediatamente anterior.

Unha vez ditada a resolución pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía, a Comisión Nacional de Enerxía efectuará as regularizacións que, de ser o caso, procedan, de acordo coa determinación de vendas que esta establecese.

c) Devengo da taxa.—A taxa devengarase o día último de cada mes natural.

d) Suxeitos pasivos.—Os suxeitos pasivos da taxa son os operadores por xunto a que se refiren os artigos 42 e 45 desta lei.

e) Tipo de gravame e cota.—O tipo polo cal se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,140817 euros/t.

f) Normas de xestión.—A taxa será obxecto de liquidación mensual pola Comisión Nacional de Enerxía, ascendendo o importe de cada liquidación practicada á doceava parte da cota tributaria definida na letra e) anterior.

O ingreso da taxa liquidada e notificada pola Comisión Nacional de Enerxía realizarase polos suxeitos pasivos definidos na letra d) anterior nos prazos fixados no artigo 20.2 do Regulamento xeral de recadación.

Segundo. Taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector eléctrico.

a) Feito imponible.—Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos e a realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector eléctrico, de conformidade co establecido na disposición adicional décimo primeira desta lei, na normativa sectorial correspondente e nas disposicións de desenvolvemento destas.

b) Exencións e bonificacións.—En materia de exencións e bonificacións observarase o establecido na disposición adicional única do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, pola que se determina o réxime de exencións e coeficientes redutores aplicable ás cotas a que se refire o artigo 5 do citado real decreto, modificada pola disposición adicional primeira do Real decreto 3490/2000, do 29 de decembro.

Así mesmo, resultará de aplicación o disposto na disposición transitoria sexta do Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa e dos custos de diversificación e seguranza de abastecemento.

c) Base imponible.—A base imponible da taxa vén constituída pola facturación total derivada da aplicación das peaxes de acceso a que se refire o artigo 18 de Lei 54/1997, do 27 de novembro, de sector eléctrico.

d) Devengo da taxa.—A taxa devengarase o día último de cada mes natural.

e) Suxeitos pasivos.—Os suxeitos pasivos da taxa son as empresas que desenvolven as actividades de transporte e distribución, nos termos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

f) Tipos de gravame e cota.—O tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,201%, para as peaxes a que se refire o artigo 18 de Lei 54/1997, do 27 de novembro, de sector eléctrico.

g) Normas de xestión.—A taxa será obxecto de autoliquidación mensual polos suxeitos pasivos definidos na letra e) anterior. O suxeito pasivo cumprirá o correspondente impreso de declaración-liquidación, segundo os modelos que aprobe mediante resolución a Comisión Nacional de Enerxía.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, antes do día 25 de cada mes, os suxeitos pasivos deberánlle presentar á Comisión Nacional de Enerxía declaración-liquidación sobre a facturación total correspondente ao mes anterior, con desagregación de períodos e facturas.

O ingreso das taxas correspondentes á facturación do penúltimo mes anterior realizarase antes do día 10 de cada mes ou, de ser o caso, do día hábil inmediatamente posterior.

h) Integración da taxa na estrutura de peaxes prevista na Lei 54/1997, do 27 de novembro.—A taxa por prestación de servizos e realización de actividades no sector eléctrico ten a consideración de custo permanente do sistema, nos termos previstos no artigo 16.5 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, integrándose para todos os efectos na estrutura de peaxes establecida pola citada lei e nas disposicións de desenvolvemento desta.

Terceiro. Taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector de hidrocarburos gasosos.

a) Feito imponible.—Constitúe o feito imponible da taxa a prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía no sector dos hidrocarburos gasosos, de conformidade co establecido na disposición adicional décimo primeira desta lei e nas disposicións de desenvolvemento dela.

b) Base imponible.—A base imponible da taxa vén constituída pola facturación total derivada da aplicación de peaxes e canons a que se refire o artigo 92 desta lei.

c) Devengo da taxa.—A taxa devengarase o día último de cada mes natural.

d) Suxeitos pasivos.—Os suxeitos pasivos da taxa son as empresas que realicen as actividades de regasificación, almacenamento en tanques de GNL, almacenamento básico, transporte e distribución, nos termos previstos nesta lei.

e) Tipos de gravame e cota.—O tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria que hai que ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,166%.

f) Normas de xestión.—A taxa será obxecto de autoliquidación mensual polos suxeitos pasivos definidos na letra d) anterior. O suxeito pasivo cumprirá o correspondente impreso de declaración-liquidación, segundo os modelos que aprobe mediante Resolución a Comisión Nacional de Enerxía.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, antes do día 25 de cada mes, os suxeitos pasivos deberán presentar á Comisión Nacional de Enerxía declaración-liquidación sobre a facturación total correspondente ao mes anterior, con desagregación de períodos e facturas.

O prazo para o ingreso das taxas correspondentes á facturación de cada mes será, como máximo, o día 10, ou o seguinte día hábil, do mes seguinte ao seguinte a aquel a que se refira o período de facturación liquidado.

g) Integración da taxa na estrutura de peaxes e canons prevista nesta lei.—A taxa por prestación de servizos e realización de actividades no sector de hidrocarburos gasosos ten a consideración de custo permanente do sistema gasista, integrándose para todos os efectos na estrutura, peaxes e canons establecidos por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento.

Cuarto. A xestión e recadación en período voluntario das taxas definidas nesta disposición corresponderalle á Comisión Nacional de Enerxía, nos termos previstos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e demais normativa de aplicación.

A competencia para acordar o aprazamento e fraccionamento de pagamento en período voluntario das taxas definidas nesta disposición corresponderalle, así mesmo, á Comisión Nacional de Enerxía, segundo o previsto no artigo 50 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro.

A recadación en vía executiva será competencia dos órganos de recadación da Facenda Pública, de acordo co previsto na normativa tributaria.

Quinto. No non previsto nos puntos anteriores será de aplicación o establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e normas de desenvolvemento destas.

Sexto. Os tipos de gravame a que fan referencia os puntos 1.e, 2.f e 3.e do punto 2 desta disposición, serán revisados polo Goberno con carácter cuadrienal, adaptándoos ás necesidades de financiamento que xustifique a Comisión Nacional de Enerxía, segundo o establecido na disposición adicional décimo primeira desta lei.

A primeira revisión realizarase no ano 2007.»

Corenta e oito. Modifícase a disposición adicional décimo sexta que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo sexta. *Biocombustibles e biocarburantes.*

1. Considéranse biocarburantes os produtos que a continuación se relacionan e que se destinen ao seu uso con fins de combustión en calquera tipo de motor, directamente ou mesturados con carburantes convencionais:

a) O bioetanol: alcohol etílico producido a partir de produtos agrícolas ou de orixe vexetal, xa se

utilice como tal ou logo de modificación ou transformación química.

b) O biometanol: alcohol metílico, obtido a partir de produtos de orixe agrícola ou vexetal, xa se utilice como tal ou logo de modificación ou transformación química.

c) O biodiésel: éster metílico producido a partir de aceite vexetal ou animal.

d) Os aceites vexetais.

e) Todos aqueles produtos que se determine.

2. A distribución e venda destes produtos rexe-rase polo disposto no título III desta, tanto se se utilizan como carburantes coma se se empregan mediante combustión con fins de produción de calor.

3. Establécense os seguintes obxectivos anuais de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, que expresan contidos enerxéticos mínimos en relación ao de gasolinas e gasóleos comercializados con fins de transporte:

	2008	2009	2010
Contido de biocarburantes .	1,9 %	3,4 %	5,83 %

O obxectivo anual que se fixa para o ano 2008 terá carácter de indicativo, mentres que os obxectivos establecidos para 2009 e 2010 serán obrigatorios.

O Goberno poderá modificar os obxectivos establecidos na táboa anterior, así como establecer obxectivos adicionais.

Habilitase o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, para ditar as disposicións necesarias para regular un mecanismo de fomento da incorporación de biocarburantes e outros combustibles renovables, destinado a lograr o cumprimento dos obxectivos establecidos nesta disposición adicional. En particular, este mecanismo poderá incluír a cuantificación das obrigas, indicando os tipos de produto con que se deberá cumprir a obriga, os suxeitos obrigados, un sistema de certificación que permita a supervisión e control das obrigas, así como mecanismos de flexibilidade que favorezan a máxima eficiencia no logro dos obxectivos.»

Corenta e nove. Modifícase a disposición adicional vixésima que queda redactada como segue:

«Disposición adicional vixésima. *Xestor técnico do sistema.*

A empresa ENAGAS, Sociedad Anónima, asumirá as funcións, dereitos e obrigas do xestor técnico do sistema gasista. Para iso, creará unha unidade orgánica específica cuxo director executivo será nomeado e destituído polo Consello de Administración da empresa, co visto e prace do ministro de Industria, Turismo e Comercio.

A citada unidade exercerá as funcións do xestor técnico do sistema en réxime de exclusividade e con separación contable e funcional, dándolles cumprimento aos criterios establecidos no artigo 63 desta lei, respecto ao resto das actividades da empresa.

O persoal da unidade que exerza as funcións como xestor técnico do sistema subscribirá o código de conduta a que fai referencia o artigo 63 desta lei garantindo a súa independencia respecto ao resto de actividades desenvolvidas polo grupo empresarial.

Ningunha persoa física ou xurídica poderá participar directa ou indirectamente no conxunto de accionistas da empresa responsable da xestión técnica do sistema, nunha proporción superior ao 5 por 100 do capital social, nin exercer dereitos políticos na devandita sociedade por enriba do 3 por 100. Estas accións non se poderán syndicar para ningún efecto. Aqueles suxeitos que realicen actividades no sector gasista e aquelas persoas físicas ou xurídicas que, directa ou indirectamente participen no capital destes en máis dun 5 por 100, non poderán exercer dereitos políticos no xestor técnico do sistema por enriba do 1 por 100. As devanditas limitacións non serán aplicables á participación directa ou indirecta correspondente ao sector público empresarial. As participacións no capital social non se poderán syndicar para ningún efecto.

Así mesmo, a suma de participacións directas ou indirectas, dos suxeitos que realicen actividades no sector de gas natural, non poderá superar o 40 por 100.

Para os efectos de computar a participación no devandito conxunto de accionistas, atribuiranse a unha mesma persoa física ou xurídica, ademais das accións e outros valores posuídos ou adquiridos polas entidades pertencentes ao seu mesmo grupo, tal e como este se define no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, aquelas cuxa titularidade lles corresponda:

a) Ás persoas que actúen en nome propio pero por conta daquela, de forma concertada ou formando con ela unha unidade de decisión. Entenderase, salvo proba en contrario, que actúan por conta dunha persoa xurídica ou de forma concertada con ela os membros do seu órgano de administración.

b) Aos socios xunto aos cales aquela exerza o control sobre unha entidade dominada conforme o previsto no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

En todo caso, terase en conta tanto a titularidade dominical das accións e demais valores como os dereitos de voto que se teñan en virtude de calquera título.

O incumprimento da limitación na participación no capital a que se refire este artigo considerarase infracción moi grave para os efectos sinalados no artigo 109 desta lei, sendo responsables as persoas físicas ou xurídicas que resulten titulares dos valores ou a quen resulte imputable o exceso de participación no capital ou nos dereitos de voto, de conformidade co disposto nos parágrafos anteriores. En todo caso, será de aplicación o réxime sancionador previsto na devandita lei.»

Cincuenta. Suprímese a disposición adicional vixésimo cuarta.

Cincuenta e un. Engádese unha nova disposición adicional vixésimo sétima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo sétima. *Comité de Seguimento da Xestión Técnica do Sistema Enerxético.*

Créase o Comité de Seguimento da Xestión Técnica do Sistema Enerxético, o cal estará formado por representantes da Secretaría Xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, do xestor técnico do sistema de gas natural, do Operador do Sistema Eléctrico, da Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos e da Comisión Nacional de Enerxía.

O obxectivo do citado comité é o seguimento permanente da garantía das subministracións enerxéticas. A composición, funcións e réxime de funcionamento do citado comité estableceranse regulamentariamente.

O Comité de Seguimento da Xestión Técnica do Sistema Enerxético elaborará un informe anual que lles será remitido ás comunidades autónomas.»

Cincuenta e dous. Engádese unha nova disposición adicional vixésimo oitava coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo oitava. *Prazos de resolución de conflitos en relación coa xestión das redes.*

As reclamacións administrativas contra un transportista ou distribuidor de gas natural poderanse presentar ante o organismo responsable da súa resolución, que emitirá unha decisión no prazo dos dous meses seguintes á recepción da reclamación. Este prazo poderase prorrogar por dous meses se o organismo responsable solicita información adicional. Así mesmo, poderase prorrogar por máis tempo co consentimento do reclamante.»

Cincuenta e tres. Engádese unha nova disposición adicional vixésimo novena coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo novena. *Separación contable no sector de hidrocarburos líquidos e gases licuados do petróleo.*

Aquelas sociedades mercantís ou grupos de sociedades que realicen actividades de exploración, produción, refinación, transporte, almacenamento, distribución almacenista, e distribución a retalho de produtos petrolíferos, e distribución almacenista, e distribución a retalho de gases licuados do petróleo, deberán levar contas separadas para cada unha das devanditas actividades.

Sen prexuízo da aplicación das normas xerais de contabilidade, o Goberno poderá establecer as especialidades contables e de publicación de contas que se consideren axeitadas, de tal forma que se reflectan con nitidez os ingresos e gastos de diferentes actividades e as transaccións realizadas entre sociedades dun mesmo grupo.»

Cincuenta e catro. Engádese unha nova disposición adicional trixésima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésima. *Inscripcións vixentes no Rexistro de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados.*

Ao Rexistro de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Directos en Mercado de combustibles gasosos por canalización, previsto no artigo 83, quedarán incorporados, desde o momento da súa creación, todos os asentos rexistrados vixentes no Rexistro de Distribuidores, Comercializadores e Consumidores Cualificados de gases combustibles por canalización.»

Cincuenta e cinco. Engádese unha nova disposición transitoria décimo novena coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo novena. *Existencias mínimas de seguranza de gas natural.*

Ata o 1 de xaneiro de 2012, as existencias mínimas de seguranza a que se refire o artigo 98 desta lei poderán incluír reservas de carácter operativo. Regulamentariamente, establecerase a parte das existencias mínimas de seguranza que poderá ter carácter operativo e a forma en que estas se poderán computar.»

Cincuenta e seis. Engádesse unha nova disposición transitoria vixésima coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésima. *Réxime transitorio dos gases manufacturados en territorios insulares.*

Ata a finalización e posta en marcha das instalacións que permitan a subministración de gas natural nos territorios insulares, as empresas distribuidoras propietarias das instalacións para a distribución de gases combustibles no citado ámbito territorial poderán efectuar a subministración de gases manufacturados e/ou aire propanado por canalización co réxime establecido nesta disposición transitoria.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo de Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para o establecemento das tarifas de venda dos gases manufacturados e/ou aire propanado para os consumidores finais, establecendo os valores concretos das devanditas tarifas e prezos ou un sistema de determinación e actualización automática destes, así mesmo establecerá a retribución que corresponda á citada empresa polo exercicio da actividade de subministración e polo suplemento de custo que supoña a subministración dos gases manufacturados e/ou aire propanado.

As tarifas de gases manufacturados e/ou aire propanado estarán limitadas ao máximo que estableza a tarifa de último recurso para cada nivel de presión e volume de consumo, e serán cobradas polas empresas distribuidoras de gas, debendo dar ás cantidades ingresadas a mesma aplicación que para as peaxes e canons proceda de acordo co previsto nesta lei.

Durante o devandito período transitorio no procedemento de repartición dos fondos ingresados por transportistas e distribuidores, tomarase en consideración a retribución que corresponda ás citadas empresas polo exercicio da actividade de subministración e polo suplemento de custo que supoña a subministración dos gases manufacturados e/ou aire propanado.»

Cincuenta e sete. Engádesse unha nova disposición transitoria vixésimo primeira coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésimo primeira. *Réxime transitorio dos dereitos de acometida para atender os requirimentos de subministración aos usuarios.*

Naquelas comunidades autónomas en que non se aprobasen as contías relativas aos dereitos de acometida a que se refire o artigo 91, aplicaranse os importes previstos por este concepto de acordo co establecido no Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, e as disposicións normativas de desenvolvemento en que se establezan as tarifas de gas natural e gases manufacturados por canalización, aluguer de contadores e dereitos de acometida para os consumidores conectados a redes de presión de subministración igual ou inferior a 4 bares.»

Disposición adicional primeira. *Modifícase o artigo 121 e engádesse un novo artigo á Lei 22/1973 de minas, quedando os mencionados artigos do seguinte xeito:*

«Artigo 121.

1. Será infracción moi grave a comisión dunha infracción grave cando se aprecien circunstancias

de reincidencia ou de risco moi grave para as persoas ou o ambiente.

2. Será infracción grave calquera das seguintes:

a) A realización de calquera actividade de aproveitamento de recursos regulados por esta lei sen a súa correspondente autorización ou concesión.

b) A intrusión de labores e a realización de aproveitamentos fóra do perímetro outorgado.

c) A non-presentación do plan de labores no prazo e cos contidos regulamentarios.

d) A realización de actividades reguladas nesta lei sen a dirección facultativa a que se refire o artigo 117.

e) A inadecuada conservación e mantemento das explotacións e instalacións se diso pode resultar un risco grave para as persoas ou o ambiente.

f) O incumprimento das obrigas incluídas no plan de restauración sen a autorización do órgano que o aprobou, incluíndo a obriga de constituír e manter a garantía suficiente para o seu cumprimento na contía e prazo fixados.

g) As que, supoñendo un incumprimento en materia de seguranza mineira, supoñan un risco para as persoas ou o ambiente.

h) A comisión dunha infracción leve cando se aprecien circunstancias de reincidencia ou de risco grave para as persoas ou o ambiente.

3. Será infracción leve o incumprimento de calquera obriga derivada desta lei e as disposicións regulamentarias de aplicación, do plan de labores aprobado ou dunha prescrición imposta para o cumprimento desta lei polo órgano competente, sempre que non estea tipificada nos puntos 1 e 2 deste artigo.

4. As infraccións aos preceptos desta lei, sen prexuízo da declaración de caducidade ou suspensión dos traballos cando iso proceda, sancionaranse na forma seguinte:

1. As sancións moi graves con multas de ata un millón de euros.

2. As sancións graves con multas de ata trescentos mil euros.

3. As sancións leves con multas de ata trinta mil euros.

5. Para determinar a contía das sancións teranse en conta as seguintes circunstancias:

a) O perigo ocasionado ás persoas ou ao ambiente.

b) A importancia do dano ou deterioración causada.

c) O grao de participación e o beneficio obtido.

d) A intencionalidade na comisión da infracción.

e) A reincidencia, entendida como comisión no prazo dun ano dunha infracción do mesmo tipo e cualificación, resolto por sentenza firme.

6. No ámbito da Administración xeral do Estado correspóndelle ao Consello de Ministros a imposición de sancións moi graves; ao ministro de Industria, Turismo e Comercio, as graves; e ao director xeral de Política Enerxética e Minas, as leves.

7. As infraccións prescribirán ao cabo de dous anos da súa comisión.

8. O procedemento sancionador caducará ao ano da súa iniciación.

Artigo 122.

Calquera prohibición contida nos instrumentos de ordenación sobre actividades incluídas na Lei de minas deberá ser motivada e non poderá ser de carácter xenérico.»

Disposición adicional segunda. *Modificación da Lei 6/1977, do 4 de xaneiro, de fomento da minaría.*

Modifícase o artigo 41 da Lei 6/1977, do 4 de xaneiro, de fomento da minaría, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo corenta e un.

Un. O canon de superficie de minas, cuxo feito impositivo é o uso privativo do dominio público mineiro, exixirase, a partir do 1 de xaneiro de 2008, conforme as bases e tipos contidos nas seguintes tarifas:

Tarifa primeira. Permisos de exploración:

Por cada cuadrícula e ano pagarase 1,2 euros.

Tarifa segunda. Permisos de investigación:

Outorgados conforme a lexislacións anteriores á Lei 22/1973. Por cada 30 hectáreas ou fracción e ano pagarase 22,5 euros.

Outorgados conforme a Lei 22/1973. Por cada cuadrícula e ano pagarase 22,5 euros.

Tarifa terceira. Concesións de explotación:

Outorgadas conforme a lexislacións anteriores á Lei 22/1973. Por cada 10 hectáreas ou fracción e ano pagarase 15 euros.

Outorgadas conforme a Lei 22/1973. Por cada cuadrícula e ano pagarase 45 euros.

Dous. O Goberno, mediante real decreto, poderá actualizar os valores dos canons establecidos no punto anterior.»

Disposición adicional terceira. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2006, modifícase a disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, que quedará redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional cuarta. *Réxime fiscal das transmisións de activos realizadas en cumprimento de disposicións con rango de lei e da normativa de defensa da competencia.*

As transmisións de elementos patrimoniais que se efectúen en cumprimento de obrigas establecidas por disposicións con rango de lei, publicadas a partir do 1 de xaneiro de 2002, ou por acordos da Comisión Europea ou do Consello de Ministros adoptados a partir desa mesma data, en aplicación das normas de defensa da competencia en procesos de concentración empresarial, terán o seguinte tratamento no imposto sobre sociedades:

a) A renda positiva que se obteña non se integrará na base impositiva, se o importe obtido na transmisión se reinveste nas condicións establecidas no artigo 42 desta lei.

b) A dita renda positiva integrárase na base impositiva do período en que se transmitan ou, por calquera outro motivo, se dean de baixa no balance os bens e dereitos obxecto do reinvestimento.

No exercicio en que se integren as devanditas rendas aplicarase, na cota íntegra correspondente, a dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios que fose aplicable no período impositivo en que se publicou a norma establecendo a obriga de transmisión dos elementos patrimoniais.

c) Os elementos patrimoniais en que se materialice o reinvestimento valoraranse, para os exclusivos efectos de cálculo da renda positiva, polo mesmo valor que tiñan os bens e dereitos transmitidos. No caso de reinvestimento parcial, o dito valor incrementarase no importe da renda integrada na base impositiva.

d) O suxeito pasivo poderá presentar consultas sobre a interpretación e aplicación desta disposición, cuxa contestación terá carácter vinculante para a Administración tributaria, nos termos previstos nos artigos 88 e 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Disposición adicional cuarta.

1. Os almacenamentos subterráneos «Gaviota» e «Serrablo» terán a consideración de almacenamentos incluídos na rede básica do sistema gasista.

2. Os titulares das concesións de explotación de xacigos de hidrocarburos denominadas «Gaviota-I» e «Gaviota-II», antes de que transcorran tres meses desde a entrada en vigor desta lei, comunicaranlle á Secretaría Xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a súa elección entre as seguintes opcións:

a) Solicitud de extinción das citadas concesións de explotación de xacigos de hidrocarburos «Gaviota-I» e «Gaviota-II».

Neste caso, os titulares serán compensados polos investimentos afectos ás devanditas concesións pendentes de amortizar no momento da extinción.

Para garantir a seguranza de subministración e o axeitado funcionamento do sistema gasista, os titulares manterán o normal funcionamento de todas as instalacións afectas ao almacenamento de gas natural tanto en terra como en mar, de acordo coas instrucións do xestor técnico do sistema, ata que se outorgue a correspondente concesión de almacenamento subterráneo de hidrocarburos a que fai referencia o artigo 24 bis da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. O incumprimento desta condición terá a consideración de infracción das tipificadas como moi graves no artigo 109 desta lei.

b) Solicitud de conversión das citadas concesións de explotación de xacigos de hidrocarburos «Gaviota-I» e «Gaviota-II» nunha concesión de almacenamento subterráneo de hidrocarburos a que fai referencia o artigo 24 bis da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, no que se refire á superficie afecta ao almacenamento e á ampliación prevista no parágrafo seguinte, subsistindo as concesións de explotación de hidrocarburos na restante extensión da área outorgada.

A nova concesión de almacenamento terá un período de vixencia de 30 anos contados a partir da súa data de entrada en vigor, sen prexuízo das eventuais prórrogas que se puidesen conceder, e o seu outorgamento queda supeditado á aprobación por parte da Administración, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, dun proxecto de ampliación para as citadas instalacións de almacenamento.

Se no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, os titulares das concesións de explotación de xacigos de hidrocarburos «Gaviota-I» e «Gaviota-II» non comunicasen a súa elección, entenderase que a opción elixida é a extinción das citadas concesións de explotación de xacigos de hidrocarburos.

3. A autorización administrativa para o exercicio da actividade de almacenamento subterráneo nos xacigos de gas denominados «Faca», «Aurín» e «Suprajaca» a que fai referencia a disposición adicional sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, convértese nunha concesión de almacenamento subterráneo de hidrocarburos das que se fai referencia no artigo 24 bis da

Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. O período de vixencia da citada concesión será de trinta anos desde a data de entrada en vigor do título habilitante para o exercicio da actividade.

Declárase extinguida a concesión de explotación de xacigos de hidrocarburos denominada «Serrablo».

Antes de que transcorran tres meses desde a entrada en vigor desta lei, o seu titular deberá informar a Secretaría Xeral de Enerxía sobre os investimentos afectos á devandita concesión pendentes de amortizar.

4. Facúltase o Goberno para ditar todas as disposicións necesarias para o cumprimento do establecido nesta disposición adicional.

Disposición adicional quinta. *Supervisión do mercado de hidrocarburos.*

A Comisión Nacional de Enerxía, no exercicio das funcións de supervisión que ten encomendadas, remitiralle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio un informe anual analizando o grao de desenvolvemento da competencia no mercado dos hidrocarburos, incluíndo, de ser o caso, propostas de reforma regulatoria destinadas a reforzar o grao de competencia efectiva no sector.

Disposición transitoria primeira. *Separación funcional.*

Con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008 as empresas e grupos empresariais a que se fai referencia no artigo 63 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos deberán cumprir cos criterios de separación funcional establecidos no devandito artigo.

Disposición transitoria segunda. *Xestor técnico do sistema gasista.*

Os dereitos de voto correspondentes ás accións ou outros valores que posúan as persoas que participen no capital de ENAGAS, Sociedad Anónima, excedendo as porcentaxes máximas sinaladas na disposición adicional vixésima da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, quedarán en suspenso desde a entrada en vigor desta disposición.

A Comisión Nacional de Enerxía estará lexitimada para o exercicio das accións legais tendentes a facer efectivas as limitacións impostas neste precepto.

Disposición transitoria terceira. *Creación da Oficina de Cambios de Subministrador.*

No prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor desta disposición as empresas distribuidoras e comercializadoras a que fai referencia o artigo 83 bis.2 deberán constituír a sociedade mercantil «Oficina de Cambios de Subministrador».

A devandita sociedade, logo de autorización do secretario xeral de Enerxía do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, iniciará a súa actividade antes de que transcorran seis meses desde a publicación desta disposición.

Disposición transitoria cuarta. *Subministración a tarifa.*

1. As tarifas de último recurso a que fai referencia o artigo 93 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2008.

2. Ata o 1 de xaneiro de 2008, continuará en vigor a subministración a tarifa que será realizada polas empresas distribuidoras, nas condicións que se establecen nesta disposición e terá a consideración de actividade regulada.

As actividades destinadas á subministración de gas natural a tarifa serán retribuídas economicamente na forma que se determine con cargo ás tarifas, peaxes e canons.

A empresa ENAGAS, Sociedad Anónima, estará obrigada a realizar as adquisicións de gas natural necesarias para atender as peticións de subministración dos distribuidores para realizar a subministración a tarifa e cumprir as obrigas de seguraza de subministración establecidas no artigo 98 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Durante o período transitorio a que fai referencia esta disposición, o gas natural procedente do contrato de aprovisionamento de gas natural desde Alxeria, a que se refire a disposición transitoria décimo sexta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, asignarase preferentemente á subministración a tarifa.

A citada empresa terá dereito a unha retribución polo exercicio da xestión de compravenda de gas que será fixada polo ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe de Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos.

Para a realización da subministración a tarifa, as empresas distribuidoras e ENAGAS, Sociedad Anónima terán dereito de acceso ás instalacións de transporte e distribución.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada de Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para o establecemento das tarifas de venda do gas natural para os consumidores finais, así como os prezos de cesión de gas natural de ENAGAS, Sociedad Anónima ás empresas distribuidoras, establecendo os valores concretos das devanditas tarifas e prezos ou un sistema de determinación e actualización automática destes. As tarifas de aplicación ás devanditas subministracións serán únicas en todo o territorio español, sen prexuízo das súas especialidades.

As empresas distribuidoras, ademais dos dereitos e obrigas establecidos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, terán, durante o devandito período transitorio o dereito á percepción dunha retribución pola actividade de subministración aos consumidores a tarifa. A devandita retribución será fixada polo ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Ademais terán as seguintes obrigas en relación á subministración a tarifa:

a) Atender, en condicións de igualdade, as demandas de novas subministracións de gas nas zonas en que operen e formalizar os contratos de subministración a tarifa de acordo co establecido na lexislación vixente.

b) Aplicarlles aos consumidores a tarifa que lles corresponda.

c) Informar os consumidores da tarifa máis conveniente para eles e en cantas cuestións puidesen solicitar en relación á subministración de gas.

d) Adquirir da empresa ENAGAS, Sociedad Anónima, ao prezo de cesión, o gas necesario para o desenvolvemento da actividade de subministración a tarifa.

As tarifas de gas natural cobraranas as empresas que realicen a distribución de gas e deberanlles dar ás cantidades ingresadas a aplicación que proceda de acordo co previsto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e disposicións que a desenvolvan.

3. No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta disposición, o ministro de Industria, Turismo e Comercio, establecerá o mecanismo de traspaso de clientes, con contrato en vigor no mercado a tarifa, ás empresas comercializadoras que se determinen. O devandito mecanismo deberá ser aplicado polas empresas distribuidoras con anterioridade ao día 1 de xaneiro de 2008.

4. Ata o 31 de decembro do ano 2009 o ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá establecer unha peaxe específica para aqueles consumidores que á

entrada en vigor desta lei se atopan acollidos á tarifa para subministracións de gas natural para a súa utilización como materia prima, establecida no punto 1.4.1 do anexo I da Orde do 30 de setembro de 1999, coas modificacións introducidas na Orde do Ministerio de Economía do 28 de maio de 2001, pola que se aproban as tarifas de gas natural como materia prima.

Disposición transitoria quinta. *Calendario de adaptación do sistema tarifario de subministración de gas natural e aplicación da subministración de último recurso.*

A partir do 1 de xullo de 2007 quedan suprimidas as tarifas do grupo 2: 2.1, 2.2 2.3 e 2.4, definidas no artigo 27, do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.

A partir do día 1 de xaneiro de 2008 queda suprimido o sistema tarifario de gas natural, establecéndose as tarifas de último recurso a que se poderán acoller, exclusivamente, os consumidores conectados a gasodutos cuxa presión sexa menor ou igual a 4 bares, con independencia do seu consumo anual.

A partir do día 1 de xullo de 2008 só se poderán acoller á tarifa de último recurso aqueles consumidores conectados a gasodutos cuxa presión sexa menor ou igual a 4 bares e cuxo consumo anual sexa inferior a 3 GWh.

A partir do día 1 de xullo de 2009 só se poderán acoller á tarifa de último recurso aqueles consumidores conectados a gasodutos cuxa presión sexa menor ou igual a 4 bares e cuxo consumo anual sexa inferior a 2 GWh.

A partir do día 1 de xullo de 2010 só se poderán acoller á tarifa de último recurso aqueles consumidores conectados a gasodutos cuxa presión sexa menor ou igual a 4 bares e cuxo consumo anual sexa inferior a 1 GWh.

Autorízase o Goberno a modificar os límites de consumo establecidos nesta disposición transitoria, para aqueles consumidores conectados a gasodutos cuxa presión sexa menor ou igual a 4 bares, se así o recomendan as condicións de mercado.

Así mesmo, o ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá determinar os prezos que deberán pagar aqueles consumidores que transitoriamente non dispoñan dun contrato de subministración en vigor cun comercializador.

O contido desta disposición transitoria non afecta a disposición transitoria única da Orde ministerial ECO/33/2004, do 15 de xaneiro, que continúa vixente e será de aplicación ata o 31 de decembro de 2009.

Disposición transitoria sexta. *Adaptación dos estatutos e da estrutura orgánica da sociedade ENAGAS, S. A.*

Antes de que transcorran catro meses desde a entrada en vigor desta lei, a sociedade ENAGAS, S. A. procederá á adaptación dos seus estatutos e estrutura orgánica ao disposto na disposición adicional vixésima da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos sobre creación dunha unidade orgánica específica.

Os aranceis de notarios, rexistradores mercantís e da propiedade correspondentes aos actos necesarios para a adaptación á citada existencia de separación de actividades quedarán reducidos ao 10%.

Disposición transitoria sétima. *Financiamento da Comisión Nacional de Enerxía.*

1. Ata o 1 de xaneiro de 2009, ademais do disposto no punto 2, segundo c) da disposición adicional décimo segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, constituirá base imponible da taxa para o financiamento da Comisión Nacional de Enerxía, a facturación derivada da aplicación das tarifas eléctricas a que

se refire o artigo 17 de Lei 57/1997, do 27 de novembro, de sector eléctrico. Neste caso, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0.069 por 100.

2. Ata o 1 de xaneiro de 2008, ademais do disposto no punto 2 terceiro b) da disposición adicional décimo segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, constituirá base imponible da taxa para o financiamento da Comisión Nacional de Enerxía, a facturación total derivada da aplicación das tarifas de combustibles gasosos a que se refire o punto 2 da disposición transitoria cuarta desta disposición. Neste caso, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria a ingresar na Comisión Nacional de Enerxía será o 0.061 por 100.

Disposición transitoria oitava. *Expedientes en tramitación.*

As disposicións substantivas introducidas no artigo 80 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos pola disposición vinte e tres do artigo 1 desta lei aplicaranse aos procedementos de autorización que estivesen iniciados e non resoltos expresamente no momento da entrada en vigor da citada modificación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico da lei.*

Esta lei ten carácter básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 2 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

12870 *LEI 13/2007, do 2 de xullo, pola que se modifica o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, en materia de supervisión do reaseguro. («BOE» 158, do 3-7-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

O reaseguro constitúe unha actividade esencial para a estabilidade do mercado asegurador xa que, ao facilitar unha ampla distribución internacional dos riscos, permite